



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 11 de abril de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de abril de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(245).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 4 de abril de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(246).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO, UN PROXECTO DENDE CASTILLA.LEÓN, PARA EXECUTAR O PROXECTO LANZADEIRAS DE EMPREGO. EXPTE. 15580/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/04/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 22/02/19, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, en funcións de sinatura superior no ámbito da Unidade administrativa da Alcaldía (Decreto do 14.04.2016),e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 15.02.2019, o Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio, Xestión municipal, Administración Electrónica e Recursos Humanos, acordou iniciar expediente para a modificación do convenio de colaboración para o desenvolvemento na cidade de Vigo do programa “Lanzadeiras de emprego” acordado entre o Concello de Vigo e a Fundación Santa María La Real elaborando e, no seu caso, aprobando unha addenda ó mesmo.

SEGUNDO.- A xefatura da Área de Xestión Patrimonial e Territorial ,en funcións de sinatura superior no ámbito da Unidade administrativa da Alcaldía, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión municipal, o 22.02.2019, redacta “Memoria xustificativa da addenda ao Convenio de colaboura entre o Concello de Vigo e a Fundación Santa María la Real do Patrimonio Histórico para executar o proxecto Lanzadeiras de Emprego, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o desenvolvemento dunha Lanzadeira de emprego en Vigo, comprometéndose o Concello a ceder un espazo e medios técnicos para o desenvolvemento do curso.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019

II.- Addenda ao Convenio

A addenda ao convenio consta dunha parte expositiva e catro cláusulas, polas que se modifican tres estipulacións do convenio que ten por obxecto articular a colaboración entre a D Concello de Vigo e a Fundación Santa María la Real do Patrimonio Histórico para o desenvolvemento dun proxecto de emprego na nosa cidade chamado “Lanzadeiras”, dirido a colectivos desfavorecidos determinados polo Fondo Social Europeo en España para o Programa Operativo de Inclusión Social e da Economía Social 2014-202, cuio progama docente, inclúe o coaching, o desenvolvemento de competencias transversais, estratéxicas



Concello de Vigo

de búsqueda de emprego activas, creación de redes e contactos profesionais, desenvolvemento de intelixencia emocional, traballo de instrumentos para a empregabilidade, fomento da cultura de emprendedores e talleres.

As modificacións consisten en:

- A estipulación segunda apdo 2 regula a composición da “lanzadeira” . Na addenda elimínase a obriga de que 15 dos participantes sexan menores de 35 anos, e se amplía ata os 60 anos.
- A estipulación sesta apdo sexto establece a confidencialidade da información. Modifícase no senso de prohibir a destrución de documentación do Programa.
- -A estipulación octava regula a vixencia do convenio. prevendo o apdo. 2 unha prórroga. Na addenda fíxase coma data fin do convenio o 30 de setembro de 2019.

A Addenda responde ó obxecto social da Fundación Santa M^a La Real e ás competencias que desenvolven os municipios, en virtude do disposto no artigo Lei 80.2 da Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, apartados “o” e “p”, en canto á execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, e á participación na formación de activos e desempregados.

A modificación do convenio de que se trata está suxeito ás disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

O expediente xustifica, na súa memoria, a conveniencia e a oportunidade do convenio, así como a suficiencia dos medios comprometidos á finalidade do mesmo.

Os pactos que a addenda do convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que o mesmo persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

A modificación do convenio, ten natureza administrativa e rexerese, a mais de polos pactos que no convenio se conteñen, polas disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico que se contén na presente.

O artigo 80.2 da Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, apartados “o” e “p”, atribúe ós Concellos competencias en canto á execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, e á participación na formación de activos e desempregados.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade da modificación do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a addenda que modifica o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO, UN PROXECTO DENDE CASTILLA.LEÓN, PARA EXECUTAR O PROXECTO LANZADEIRAS DE EMPREGO, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO a aprobación da addenda ao convenio que se anexa para a execución do PROXECTO LANZADEIRAS DE EMPREGO.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I



ADDENDA AL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONCELLO DE VIGO Y LA FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO LANZADERAS DE EMPLEO EN EL MARCO DEL PROYECTO COFINANCIADO POR EL FONDO SOCIAL EUROPEO Y FUNDACIÓN TELEFÓNICA

ADDENDA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONCELLO DE VIGO Y LA FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO



Concello de Vigo

LANZADERAS DE EMPLEO EN EL MARCO DEL PROYECTO COFINANCIADO POR EL FONDO SOCIAL EUROPEO Y FUNDACIÓN TELEFÓNICA

En Vigo, a de .

INTERVIENEN

Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente del **CONCELLO DE VIGO**, en la representación legal que de esta Administración municipal le atribuye el artículo 124.4.a) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, interviene asistido de la Secretaria del Gobierno Local del Concello de Vigo, D^a M^a Concepción Campos Acuña que da fe del acto que se celebra.

D. Álvaro Retortillo Osuna, con DNI nº 76.118.355-Q, Director del Programa Lanzaderas de Empleo y Emprendimiento Solidario en la **FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL DEL PATRIMONIO HISTÓRICO**, con CIF nº G-34147827 y domicilio en el Monasterio de Santa María la Real de Aguilar de Campoo (Palencia). La fundación se constituyó el 24 de junio de 1994 y se encuentra inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, con el número 240.

Ejerce su representación en virtud del nombramiento mediante acuerdo del Patronato en la reunión de 7 de junio de 2014, inscrito en escritura pública nº 538 el 2 de julio por la notario del Colegio de Castilla y León D^a Encarnación Fernández Portugal, así como en el Protectorado de Fundaciones del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte el 24 de octubre de 2014.

En adelante, también denominada como la «**Fundación Santa María la Real**».

Además de la forma abreviada para referirse a sendos contratantes, se podrá denominar a la Fundación Santa María la Real y al Concello de Vigo, de forma conjunta, como las «**Partes**» y, de manera individual, como la «**Parte**».

Las Partes se reconocen mutuamente capacidad legal para suscribir el presente contrato y, a tal efecto,

EXPONEN

I. Que con fecha 15 de Enero de 2018, el Concello de Vigo y la Fundación Santa María la Real firmaron un convenio de colaboración con el fin de implantación del proyecto Lanzaderas de Empleo en el marco de proyecto cofinanciado por el Fondo Social Europeo y la Fundación Telefónica.

II. Que conforme a la estipulación segunda del citado convenio se llevarían a cabo 1 LANZADERA DE EMPLEO realizadas en la localidad de Vigo.

III. Que en la estipulación segunda se establece las obligaciones de Fundación Santa María la Real

IV. Que en la estipulación sexta del presente convenio se establece la confidencialidad de la información relativa a sus actividades.

V. Que en la estipulación octava del convenio se establece la vigencia del mismo, de tal forma que las partes, de mutuo acuerdo, podrán aprobar la prórroga del convenio previo acuerdo con Fundación Telefónica, para la realización de más lanzaderas. En este caso, se realizará una adenda al convenio.

De conformidad con todo lo anterior, las partes firmantes suscriben la presente Adenda conforme a las siguientes:

- **ESTIPULACIONES**

Primera.- Se modifica la estipulación segunda, apartado 2 quedando redactado de la siguiente manera:

2. La lanzadera estará compuesta por un máximo de veinte (20), participantes simultáneos, con edades comprendidas entre 18 y 60 años. En la composición del equipo, se tendrá que tener en cuenta que el 67% del equipo deberá pertenecer a alguno de los colectivos desfavorecidos determinados por la Unidad Administradora del Fondo Social Europeo en España, para el Programa operativo de Inclusión Social y de la economía Social 2014-2020, porcentaje que deberá mantenerse durante toda la lanzadera. Los colectivos son los indicados en la estipulación segunda del apartado 2 del convenio.

Segunda.- Se modifica la estipulación sexta, en su párrafo sexto, quedando redactada del siguiente modo:

"6. Las Partes se comprometen a devolverse la información confidencial completa e íntegra en el momento de la extinción del Convenio " .

Tercera.- Se modifica la estipulación octava, en su apartado segundo, quedando redactada del siguiente modo:

"El presente convenio de colaboración tendrá una vigencia desde la fecha de firma hasta 30 de septiembre de 2019, siendo la duración aproximada del proyecto de 7 meses".

Cuarta.- Mantener el resto del convenio y sus Anexo 1 en su redacción actual.

3(247).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO» (AFAN) 2019-2021 PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS E FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 180489/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/02/19 e o informe de fiscalización do 04/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o Xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

II. A Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa "Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)", entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade



Concello de Vigo

económica. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2019, 2020 e 2021.

III. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - “*Convenio AFAN*” (55.000 €). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

IV. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VI. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2020 e 2021.

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» - AFAN (CIF G-36660348) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade para os anos 2019, 2020 e 2021.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 165.000€, a razón de 55.000€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 -*Convenio AFAN*-. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaría de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. Hortensia González Fernández, con DNI nº 35.914.549-A, presidenta da Asociación, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 desta cidade.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. Hortensia González Fernández, actuando en representación da “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” (CIF 36.660.348), segundo así resulta dos seus estatutos e dos acordos asemblearios adoptados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,



Concello de Vigo

EXPOÑEN

I.- Que AFAN é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación, facilitándolles os medios precisos ó seu alcance para o seu total desenvolvemento.

Esta Asociación procura satisfacer as necesidades básicas das persoas e familias en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa e tamén pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias como o pagamento dos subministros do fogar (luz, auga...) ou do alugamento. Constitúe, pois, un valioso recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade no que se traballa en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

III.- Que de acordo co disposto no Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó

interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2019, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAN para a atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade.

SEGUNDA.- AFAN comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Admitir a todas as persoas e familias que accedan por primeira vez á solicitude de atención, remitíndoas cara os servizos sociais e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso.

2º) Atender ás persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación, incluíndo na atención



Concello de Vigo

a entrega dun máximo de 50 bocadillos, de luns a sábado durante todo o ano, en horario de tarde, ás persoas que derive o Departamento para esta axuda en concreto.

3º) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021, por importe de 55.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 165.000€. O gasto correspondente a 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “*Convenio AFAN*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio (2019 – 2021).

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais,

da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de



Concello de Vigo

AFAN e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- AFAN comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- AFAN poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do



Concello de Vigo

proxeito presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(248).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA A CONTINUIDADE DO PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES 2019-2021). EXPTE. 2690/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/02/19 e o informe de fiscalización do 04/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Cedro, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas (na actualidade, Plan de Trastornos Adictivos de Galicia) en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

II. Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivanda normalizada coa supervisión de profesionais.

III. Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ao marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria. O seguimento da evolución dos usuarios realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

IV. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

V. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos



Concello de Vigo

servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VI. Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

VII. Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

VIII. A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

IX. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar aos procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade, e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establece liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio aos procesos de incorporación social das persoas que os padecen, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

X. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das Administracións competentes para a normalización destes recursos e o seu axeitado financiamento e a mellora das infraestruturas e os recursos humanos.

Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga 2013-2020 e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas Administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (Da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe á atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

XI. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de CEDRO polo que ten a consideración de subvención directa segundo os artigos 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión; motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que inclúe as prescricións que sinala a Base 40 das de execución dos Orzamentos: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

XII. Canto á vixencia deste novo Convenio coa «*Asociación de Ayuda al Toxicómano ERGUETE*», propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».



Concello de Vigo

En todo caso, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2020 e 2021.

XIII. Por concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse para 2019 o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos exercicios de 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual aboarase no primeiro trimestre do ano. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (Regulamento da Lei xeral de subvencións), as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo e a «Asociación de Ayuda al Toxicómano ERGUETE» (CIF G-36.642.726) para a continuidade do PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – ANOS 2019-2021 .

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 135.000€, a razón de 45.000€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación nº 3112.489.00.00 (“Conv. Aloxamento alternativo Érguete”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó TOXICÓMANO ÉRGUETE PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – ANOS 2019-2021».

En Vigo, o..... de de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación de Axuda ó Toxicómano “ÉRGUETE”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da Asociación “ÉRGUETE”, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo RD.1786/96, do 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia.

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Condutas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos



Concello de Vigo

que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ó marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase de forma coordinada xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

A «Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024» (ENA 2017-2024), aprobada en Consello de Ministros o 9 de febreiro de 2018, ten como marco institucional o establecido por mor da creación do Plan Nacional sobre Drogas, en 1985, e da Delegación do Goberno para o devandito Plan, e a súa normativa de desenvolvemento. Entre as instancias que forman parte dese marco institucional cabe sinalar os Plans Autonómicos de Drogas, os Departamentos e Organismos da Administración Xeral do Estado con competencias en drogas e adiccións en xeral, as Entidades Locais, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), as organizacións non gubernamentais, as sociedades científicas e aquelas outras entidades e colectivos de carácter social que desenvolvan a súa actividade no ámbito das actuacións do Plan Nacional sobre Drogas. A coordinación institucional da ENA 2017-2024 fundaméntase nos seguintes obxectivos estratéxicos: 1) Garantir as sinerxias, a coherencia e as prácticas eficaces entre as Administracións públicas a todos os niveis, as diferentes institucións e iniciativas, evitando a duplicación de esforzos, garantindo a eficacia do intercambio de información, utilizando eficazmente os recursos e garantindo a continuidade das accións; 2) Fomentar e alentar a participación e implicación activas e significativas da sociedade civil (asociacións científicas e profesionais, ONG, axentes sociais, asociacións de veciños,...); 3) Fomentar a coordinación dentro e entre as propias CCAA e as Entidades Locais que contan con Plans de Adiccións propios, para garantir a continuidade das accións, e, 4) Garantir a coordinación coas Estratexias e Plans do ámbito social e sanitario que impulsa o Goberno da Nación que inciden sobre os colectivos sociais ós que se dirixe a ENA 2017-2024: poboación en risco de exclusión social, adolescencia, mulleres, inmigrantes, reclusos...

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos



Concello de Vigo

dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo, no seu orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 45.000 € a favor da Asociación Érguete.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esta actividade de Érguete, o Concello de Vigo e a dita Asociación convenian a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención de acordo cos seguintes,

PACTOS

PRIMEIRO.-

A Asociación Érguete comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico para a execución da actividade asistencial, de acordo coa Memoria do programa presentado.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuír ó custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.

SEGUNDO.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021, por importe de 45.000€/ano co obxecto de coadruar ó financiamento da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación

social de drogodependentes. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

TERCEIRO.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD. 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.-

O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

QUINTO.-

Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

SEXTO.-

O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).



Concello de Vigo

SÉTIMO.-

Polo período de VIXENCIA do convenio (anos 2019, 2020 e 2021), o Concello de Vigo achegará a cantidade de 135.000€, a razón de 45.000€/ano, con cargo á aplicación correspondente dos respectivos exercicios orzamentarios (en 2019, a nº 3112.489.00.00).

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

OITAVO.-

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENO.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

DÉCIMO.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes da Asociación Érguete e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos sociais.

DÉCIMO PRIMEIRO.-

A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsables dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDO.-

A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a execución deste programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello.

DÉCIMO TERCEIRO.-

A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO CUARTO.-

Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007.

DÉCIMO QUINTO.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio (2019 – 2021).

DÉCIMO SEXTO.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMO.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVO.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora, desde o pagamento da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENO.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO.-

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



Concello de Vigo

VIXÉSIMO PRIMEIRO.-

A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

5(249).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZAIZ". EXPTE. 222/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 03/04/19, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de abril de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Pavimentación da rúa Urzáiz" (222-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Pavimentación da rúa Urzáiz" (222-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Valor da baixa
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	40.471,54 €
2	HORDESCON, S.L.	35.205,20 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	33.841,29 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	33.601,28 €
5	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	32.637,92 €

6	NAROM, S.L.	24.645,94 €
7	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	21.330,81 €
8	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	20.490,78 €
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	20.445,78 €
10	CIVIS GLOBAL, S.L.	4.650,18 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(250).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11811/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 5/04/19 asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica, o concelleiro-delegado de Contratación e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de abril de 2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou:

“Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Segundo.- En data 13 de maio de 2016 a XGL acordou a modificación do citado contrato (expediente 8732-446) nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016.

Terceiro.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 11 de novembro de 2016 (doc no 160152763), don Alfonso Clemente González, en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS SA, solicita que á vista do punto 3.J das FEC, o Concello proceda a revisión do prezo deste contrato.

Cuarto.- O xefe de servizo de Parques e Xardíns, na data 7 de setembro de 2018, elabora a Memoria económica da revisión de prezos solicitada, sendo aprobada pola XGL en data 27 de setembro de 2018.

Quinto.- Con data 18 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno Local acordou unha nova modificación do contrato (expediente 9688-446) nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, e o informe complementario de data 13 de decembro do mesmo ano.

Sexto.- En data 21 de febreiro de 2019 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que *“producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por incremento de superficie en Áreas Deportivas-Ximnásticas, incremento de superficie en Áreas Biosaludables, incremento de superficie en Parques infantís, incremento de unidades de Bancos e incremento de unidades de Bebedeiros ”*. E en consecuencia, propón a modificación do contrato.

Sétimo.- En data 21 de febreiro de 2019 a XGL acordou:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 21 de febreiro de 2019, que consistirán nun incremento de superficie en áreas deportivo-ximnásticas e parques infantís, nun incremento e detracción de superficie en áreas biosaudables e nun incremento de unidades de bancos e bebedoiros nos termos sinalados no citado informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 539,10 euros, que se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:

<i>Ano de aplicación</i>	<i>Período</i>	<i>Importe</i>	<i>% Adxudicación do prezo do contrato</i>
<i>Ano 2019</i>	<i>Do 16 de febreiro a 31 abril</i>		
<i>Total</i>		<i>539,10</i>	<i>0,04</i>

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.

3º.- No suposto de que a formalización da modificación do contrato sexa posterior a data indicada no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, o importe da modificación sufrirá o desconto proporcional que corresponda.

4º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

5º.- Dar audiencia a Ferrovial Servicios, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Oitavo.- En data 14 de marzo, durante o trámite de audiencia conferido ao efecto, o contratista manifesta a súa conformidade coa modificación proposta e procede a depositar na Tesourería municipal a cantidade de 26,96 euros para reaxustar a garantía definitiva.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

Hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así, con relación ao procedemento haberá que estar ao previsto na vixente LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros
- Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola variación da superficie dos parques infantís e áreas biosaudables municipais obxecto deste contrato, orixinadas polas seguintes causas:

- Por ampliacións da superficie dos parques infantís e as áreas biosaudables existentes.



Concello de Vigo

- Pola incorporación de novos parques infantís ou áreas biosaudables ao patrimonio municipal. Neste caso, téñense en conta tanto as xa recepcionadas, como as que neste intre están en fase de execución da obra.
- Por incremento de unidades de bebedeiros e de bancos.
- Pola detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables.

Todos estes cambios se detallan no informe emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 21 de febreiro de 2019, que se reproduce a continuación:

“Producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por:

1.- Incremento de superficie en Áreas Deportivas-Ximnásticas.

As áreas deportivas ximnásticas incrementáronse en número como consecuencia da execución de obras de formación de novas áreas. Os datos relacionados ca formación de esta area aparecen reflectidos no seguinte cadro

Área Deportiva ximnástica	Expediente	Acta de comprobación del replanteo	Acta de recepción	Superficie (m ²)
Pizarro	11555/446	21/12/2018	28/12/2018	300

2.- Incremento de superficie en Áreas Biosaludables.

As áreas biosaludables incrementáronse en número como consecuencia da execución de obras de formación de novas áreas. Os datos relacionados ca formación de esta area aparecen reflectidos no seguinte cadro

Área Biosaludable	Expediente	Acta de comprobación del replanteo	Acta de recepción	Superficie (m ²)
Saians	11628/446	20/12/2018	28/12/2018	200

3.- Incremento de superficie en Parques infantís.

Os parques infantís incrementáronse en número como consecuencia da execución de obras de formación de novas áreas. Os datos relacionados ca formación de esta area aparecen reflectidos no seguinte cadro

Parques Infantís	Expediente	Acta de comprobación del replanteo	Acta de recepción	Superficie (m ²)
Camilo José Cela	4860/440	29/1/2018	31/3/2019	250

4.- Incremento de unidades de Bancos.

O incremento no número de bancos e como consecuencia da instalación de novos bancos. Os datos relacionados ca instalación das novas unidades aparecen reflectidos no seguinte cadro.

Bancos	Expediente	Unidades
	9329/446 e 8857/446	87

5.- Incremento de unidades de Bebedeiros.

Bebedeiro	Expediente	Unidades
	9124/446	1

6.- Detracción de superficie en Área Biosaludable.

Se detrae parte da superficie (672,69 m²) da área biosaludable do Centro Cultural de Bembrive e se inclúe no mantemento das zonas verdes por considerarse mais adecuado.

Os prezos vixentes segundo acordo XGL de data 27/09/2018_son os que aparecen reflectidos a continuación:

Tipoloxías	Prezo unitario vixente/ano
Parques infantís (m ²)	6,21
Áreas biosaludables (m ²)	6,21
Áreas deportivas ximnásticas (m ²)	6,21
Bancos (unidades)	15,1
Bebedeiros (unidades)	8,67

Cadro de importes de mantemento por Tipoloxías e Áreas.

Tipoloxías	Superficie (m ²)/unidades	Prezo Unitario(€/ano)	Importe mensual (€/ano)	Importe Anual (€/ano)
Área Biosaludable de Saians	200,00	6,21	103,50	1.242,00
Área Deportiva-Ximnástica de Pizarro	300,00	6,21	155,25	1.863,00
Área Biosaludable de Centro Cultural de Bembrive	672,69	6,21	-348,12	-4.177,40
P.I Camilo José Cela	250,00	6,21	129,37	1.552,50
Bebedeiro	1,00	8,67	,72	8,67
Bancos	87	15,10	109,47	1.313,7
Total Importe			202,99	2.435,89



Concello de Vigo

O número de unidades de bancos obxecto de mantemento e reposición esta suxeito a unha modificación constante debido a incorporación de novas unidades, tal como se pode observar nas respectivas ampliacións de contrato:

Expediente	Data de inicio	N.º de Unidades de bancos
7524/446	10/04/2015	2153
8732/446	13/05/2016	2572
9688/446	18/12/2016	3081

Desde a última modificación, aproximadamente un mes, o número de unidades de bancos incrementouse en 87 unidades e no dende o inicio do contrato (45 meses) o número de bancos incrementouse en 928 unidades o que supón unha media de colocación de 20,6 Ud/mes, polo que para dar cobertura o mantemento desde o inicio da instalación e reducir os tempos de tramitación administrativa evitando as posibles incidencias derivadas da ausencia de mantemento considerase necesario ampliar o contrato en 52 unidades (20,6 Ud/mes x 2,5 meses) no tempo que resta de contrato. Estas unidades se irán incorporando o mantemento a medida que se van instalando e a súa certificación económica proporcional o tempo de conservación; todo isto sen prexuício de que existan outras modificacións antes da data de finalización do contrato.

En función destas unidades de previsión a modificación de contrato proposta e a seguinte:

Tipoloxias	Superficie (m ²)/unidades	Prezo Unitario(€/ano)	Importe mensual (€/ano)	Importe Anual (€/ano)
Área Biosaludable de Saians	200,00	6,21	103,50	1.242,00
Área Deportiva-Ximnástica de Pizarro	300,00	6,21	155,25	1.863,00
Área Biosaludable de Centro Cultural de Bembrive	672,69	6,21	-348,12	-4.177,40
P.I Camilo José Cela	250,00	6,21	129,37	1.552,50
Bebedeiro	1,00	8,67	,72	8,67
Bancos	139	15,10	174,91	2098,9
Total Importe			215,64	2.587,67

Cadro resumo de custes anuais por tipoloxía

Tipoloxías	Custe económico anual
Parques infantís	1.552,50
Áreas biosaludables	-2.935,4
Áreas deportivas ximnásticas	1.863,00
Bancos	2.098,90
Bebedeiros	8,67
Total Importe Anual	2.587,67€

Polo tanto, o importe total da modificación é de 2.587,67 €/ano, e dicir, 215,64 €/mes. Considerando que a prestación se inicie o 16 de febreiro de 2019 o importe total nos 2,5 meses restantes ata a finalización do contrato é de 539,10 €.

Con data 9/06/2016 empezouse a prestar a 1º modificación do contrato (expediente 8732/446) o que supuxo un incremento do custe de 89.305,41€ dos que 70.630,47 € estaban exentos de custe (5% do importe de adxudicación) e con data 17/12/2018 empezouse a prestar a 2º modificación do contrato (expediente 9688/446) o que supuxo un incremento do custe de 15.086,32 €, dos que 573,87€ corresponden o ano 2018 e 14.512,45 € o ano 2019, e que representa un 1,06% do prezo de adxudicación. Dado que o importe do contrato pódese incrementar ata o 10% do importe de adxudicación (141.260,95€) ó longo de todo o contrato restan por consumir 36.869,22 €.

En consecuencia una vez descontado o importe da 3º modificación restan por consumir 36.330,12€

Os importes económicos que se imputarán, durante os 2,5 meses de contrato, son:

Ano de aplicación	Período	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	Do 16 de febreiro a 31 abril		
Total		539,10	0,04

O custe mensual do contrato unha vez aprobada a 3ª modificación será de **34.443,08 €/mes** como resultado de sumar o importe do contrato actual (34.227,44 €/mes) o importe da 3ª ampliación (215,64 €/mes).

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación".



Concello de Vigo

Podemos concluír, á vista deste informe que a modificación proposta obedece a incrementos e detraccións das superficies de parques infantís e áreas biosaudables, así como un incremento de unidades do mobiliario urbano obxecto deste contrato. A mesma esta comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP, implica un incremento do prezo do contrato de 539,10 euros, o que supón un 0,04 % do prezo do mesmo, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC, tendo en conta as anteriores modificacións producidas, xa que este contrato se modificou un 6,54% en data 13 de maio de 2016, e un 1,11 % en data 18 de decembro de 2018.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación é dun 0,04 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e as áreas biosaudables de nova creación ou cuxa superficie resultou incrementada, así como o incremento do mobiliario urbano. A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre é unha competencia municipal en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, a modificación supón un incremento do importe do contrato a aboar ao contratista de 539,10 €.

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito con data 14 de marzo de 2019. En consecuencia, procede formular proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución

administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 TRLCSP (artigo 219 TRLCSP).

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. No presente caso o contratista xa procedeu ao reaxuste da garantía definitiva, que foi depositada na Tesourería municipal con nº operación 201900018695.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“1º.- Modificar o contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 21 de febreiro de 2019, que consistirán nun incremento de superficie en áreas deportivo-ximnásticas e parques infantís, nun incremento e detracción de superficie en áreas biosaudables e nun incremento de unidades de bancos e bebedoiros nos termos sinalados no citado informe.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do importe total do contrato de 539,10 euros, que se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:

Ano de aplicación	Período	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	Do 16 de febreiro a 31 abril		
Total		539,10	0,04

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.

3º.- No suposto de que a formalización da modificación do contrato sexa posterior a data indicada no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, o importe da modificación sufrirá o desconto proporcional que corresponda.

4º.- Comprobar a garantía definitiva depositada na Tesourería municipal con nº operación 201900018695 con carácter previo á formalización do contrato.

5º.-Formalizar por escrito a presente modificación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(251).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 21847/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da sesión do 26/03/19, que di o seguinte.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) na seguinte orde descendente:

LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	90,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	87,48
3	CLECE, S.A.	82,25

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	91,75



Concello de Vigo

2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	86,64
3	CLECE, S.A.	85,31

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Primeiro.- Na sesión do 24 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou:

- 1. “Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
 - a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*
- 2. Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
 - a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Terceiro.- Con data do 3 de novembro de 2018, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., interpuxo de recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación.

Cuarto.- a Xunta de Goberno local, na sesión do 3 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 113/2018 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 118/2018, interposto por D. José Luís Rey Parente actuando en nome e representación do COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. contra a adxudicación polo Concello de Vigo da contratación dun servizo de xestión parcial das escolas infantís de Tomas Alonso e de Bouzas, expediente 21847-332. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. contra a adxudicación polo Concello de Vigo da contratación dun servizo de xestión parcial das escolas infantís de Tomas Alonso e de Bouzas, expediente 21847-332, e anular a tal adxudicación cos efectos recollidos no último dos fundamentos.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xaneiro de 2018, de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) na seguinte orde descendente:

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Quinto.- O anterior acordo foi notificado ao único licitador clasificado, CLECE, S.A., o día 1 de febreiro de 2019. Dentro do prazo concedido, o 14 de febreiro de 2019, D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., achegou a documentación requirida xunto cun escrito no que solicita a modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2019 aprobada por RD 1462/2018.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2019, acordou *“Desestimar a solicitude, formulada por D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., en data 14 de febreiro de 2019 de modificación do contrato de servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, por ruptura do equilibrio económico do mesmo [...]”*.

Sétimo.- A Mesa de Contratación, na sesión do 25 de marzo de 2019, revisou a documentación presentada por CLECE, S.A. xustificativa das circunstancias ás que se refire o artigo 150.2 da LCSP. Sendo correcta a documentación, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CLECE, S.A., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación do 24 de xaneiro de 2019, polo que, á vista da exclusión de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento e ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP, se lle outorgou a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula ao ser o único licitador admitido nos dous lotes.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a CLECE, S.A. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 997.622,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
 - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*

2. *Adxudicar a CLECE, S.A. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 986.062,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
 - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(252).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE COMERCIO DURANTE O PRIMERO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 6349/106.

Dáse conta do informe-proposta do 29/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte.

INFORME:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.” formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Comercio nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2019.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data decreto	Importe
6106/106	CMNESR	CONCERTO CLAUSURA NADAL	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, SLU	4310 2279901	11/01/19	3.412,20€
6169/106	CMNESR	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ILUMINACIÓN NA CONTORNA DA ZONA CENTRO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO 2019	ILUMINACIONES XIMENEZ, S A	4310 2279902	21/02/19	17998,75 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(253).- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN DO (CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JUNIOR MASCULINO 2019). EXPTE. 18264/333.

Visto o informe xurídico do 27/03/19 e o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 01/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delgado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 18264/333 sobre o protocolo de colaboración entre a deputación de Pontevedra, o concello de Vigo e o concello de Pontevedra para a organización do campionato do mundo de balonmán júnior masculino 2019 , e tendo en conta o informe xurídico de data 27 de marzo de 2019, *procceedeuse* a modificar a referencia á derogada Lei 30/1992, sendo substituída pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Por outra banda, modificouse o apartado segundo da parte dispositiva, quedando a mesma tal como se detalla:

- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do protocolo que se anexa para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do balonmán a vela a través da organización do Campionato do mundo júnior de balonmán masculino e solicitar a súa subscrición.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente protocolo importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



Concello de Vigo

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo.

A celebración do Campionato do mundo de Balonmán Júnior masculino 2019, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do balonmán no ámbito internacional, dada a participación e asistencia das 24 mellores seleccións nacionais da modalidade en categoría júnior, a asistencia de máis de 200 medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais e a retransmisión por live-streaming en todo o mundo e por televisión a nivel nacional.

Na competición participarán máis de 600 persoas, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do balonmán.

A cidade de Vigo ademais, conta cunha longa tradición balonmanística, coa celebración ó longo da súa historia de competicións do máis alto nivel nacional e algunhas competicións internaconais.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afección a este deporte.

4.- No devandito protocolo de colaboración convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

5.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Proxecto
Campionato do mundo júnior masculino de balonmán, que se disputará entre o 12 e o 28 de xullo de 2019 nas cidades de Vigo e Pontevedra.

V.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, axúntase a esta proposta unha memoria técnica valorada realizada polos técnicos municipais, que ten carácter xustificativo do alcance do proxecto a desenvolver, o cal responde ás seguintes especificacións resumidas:

Proxecto
Campionato do Mundo de balonmán júnior masculino
Obxecto da actuación:
Desenvolver o Campionato do Mundo Junior masculino de balonmán, coa participación das mellores seleccións nacionais a nivel mundial que se disputará entre o 12 e o 28 de xullo de 2019 nas cidades de Vigo e Pontevedra.

7.- En data 21.03.19 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun protocolo para a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

8.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente protocolo importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para a execución do proxecto vinculado ao presente protocolo.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente protocolo importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.



Concello de Vigo

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- O art. 86 da *Le 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública*, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

VI.- O protocolo consta dunha parte expositiva e nove pactos. O obxecto do protocolo é establecer e concretar as estipulacións que desenvolverán as relacións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, o Concello de Vigo e o Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento do evento "*CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JUNIOR MASCULINO 2019*". Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

III.- Protocolo

Os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares son acordos que comportan declaracións de intención de contido xeral ou que expresan a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles. Por tanto, os protocolos son o instrumento idóneo para establecer pautas sobre a actuación de cada Administración e fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración nunha cuestión de interese común.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do protocolo, recóllese na Memoria xustificativa do mesmo, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O protocolo regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo.

Os investimentos vinculados ao presente protocolo serán definidos, de ser o caso, nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.

IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do protocolo os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do protocolo e texto do mesmo.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitirse informe xurídico e informe da Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do protocolo .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do protocolo que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JÚNIOR MASCULINO 2019, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do protocolo que se anexa para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do balonmán a vela a través da organización do Campionato do mundo júnior de balonmán masculino e solicitar a súa subscrición.

Terceiro: Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do protocolo nos termos do mesmo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

Anexo I

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JÚNIOR MASCULINO 2019

No Pazo Provincial, _____ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Doutra, D. Miguel Anxo Fernández Lores, quen actúa no nome e representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste Protocolo, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra, o Concello de Vigo e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra asinou cos Concellos de Pontevedra e Vigo, sendos protocolos de colaboración en data 18 e 20 de novembro de 2015 respectivamente. Estes protocolos tiñan por obxecto afondar na colaboración administrativa entre as respectivas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que nos propios protocolos se sinalaban; actuacións e proxectos entre os que se incluían, os da promoción do deporte.

III.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos dos Concellos de Vigo e Pontevedra: promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

IV.- Que o artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar, promover e difundir o deporte, ou a organización de campionatos e eventos deportivos.

Por outra banda, ao abeiro do art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social. Pola súa parte, o artigo 7 da citada Lei 3/2012, de 2 de abril, atribúelle ás deputacións no seu ámbito territorial competencias en materia de fomento, promoción e difusión do deporte, asistencia e colaboración cos municipios no desenvolvemento da práctica deportiva, e en xeral calquera actuación que redunde no desenvolvemento deportivo local.

V.- Que a Real Federación Española de Balonmán foi designada no Congreso Ordinario da Federación Internacional de Balonmán (IHF) celebrado en Sochi (Rusia) o día 7 de novembro de 2015, para asumir a organización do evento *“CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JÚNIOR MASCULINO 2019”*.

VI.- Que o Concello de Vigo e o Concello de Pontevedra aceptaron ser sedes do *“CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JÚNIOR MASCULINO 2019”*, ao considerar que a celebración dun evento internacional destas características coa presenza de 23 seleccións internacionais de categoría junior masculina, supón unha achega importante para o fomento do deporte, a transmisión de valores de esforzo, sacrificio e *“fair play”* que aporta o balonmán. Do mesmo xeito suporá unha promoción turística de ambas cidades, ao difundir a imaxe das mesmas a nivel internacional nos países das seleccións participantes, así como a asistencia de público acompañante e afeccionados durante a celebración do campionato.

VII.- Que a Deputación de Pontevedra considera que o *“CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JÚNIOR MASCULINO 2019”*, ao celebrarse nas cidades de Vigo e Pontevedra, supón unha promoción tanto a nivel nacional como internacional, por ser un evento que se poderá seguir por *“live-streaming”* en todo o mundo e por televisión a nivel nacional, estando prevista a asistencia de máis de 200 medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só das cidades de Vigo e Pontevedra, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Por tanto, a sinatura dun protocolo que oriente a colaboración neste eido semella unha ferramenta idónea para maximizar a repercusión que



Concello de Vigo

supón este evento tanto na promoción do emprego do deporte como das Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VIII.- Que os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares son acordos que comportan declaracións de intención de contido xeral ou que expresan a vontade das Administracións e partes subscriutoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles. Por tanto, os protocolos son o instrumento idóneo para establecer pautas sobre a actuación de cada Administración e fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración nunha cuestión de interese común.

IX.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos seus obxectivos estratéxicos de apoio ás iniciativas de promoción do deporte, as partes consideran conveniente a formalización dun protocolo de colaboración para a organización do *"CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JUNIOR MASCULINO 2019"*, designando a Real Federación Española de Balonmán ás cidades de Vigo e Pontevedra como ás súas sedes. En consecuencia, co fin de conseguir a máxima repercusión social, unha eficaz organización e a adecuada aplicación dos recursos, o Concello de Vigo, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente Protocolo de colaboración, polo que se rexerán as relacións entre as partes para o desenvolvemento do referido evento, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO PROTOCOLO

Constitúe o obxecto do presente protocolo as estipulacións que desenvolverán as relacións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, o Concello de Vigo e o Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento do evento *"CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JUNIOR MASCULINO 2019"*.

SEGUNDA. ACORDO/S ESPECÍFICO/S

Para o desenvolvemento do presente protocolo se procederá á elaboración dun ou varios convenios específicos de colaboración, que se asinará/n entre as institucións correspondentes, previa solicitude por algunha das partes e a remisión de toda a documentación esixida na normativa reguladora aplicable, para a súa fiscalización polos servizos da administración que asuma a súa tramitación. A colaboración poderá pactarse nun único convenio, ou en varios que desenvolvan aspectos concretos. En todo caso, a Deputación de Pontevedra, e os Concellos de Vigo e Pontevedra de ser o caso, asinarán un convenio de colaboración coa Real Federación Española de Balonmán, aos efectos de articular a organización, dereitos e deberes en relación coa organización do *"CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMÁN JUNIOR MASCULINO 2019"*.

Este/s convenio/s especificarán como contido mínimo, en todo caso:a) As partes que subscriben o convenio e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha.

b) A competencia na que se fundamenta a actuación de cada Administración Pública.

- c) O obxecto do convenio e as actuacións a realizar por cada parte, de acordo cun proxecto ou memoria das actuacións presentado, especificando a administración responsable da execución de cada actuación, e no seu caso a titularidade dos resultados obtidos.
- d) As causas de resolución e consecuencias no caso de incumprimento.
- e) Os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes.
- f) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do seu contido requirirá acordo unánime das partes.
- g) O prazo de vixencia do convenio.

A sinatura do/s convenio/s específico/s requirirá da previa achega do proxecto, memoria xustificativa, ou documento análogo, descritivo das actuacións a desenvolver ao abeiro do convenio, incluíndo as previsións de gastos e ingresos a incluír nel. Asemade, segundo cada caso requirirá da documentación e requisitos necesarios en orde a acreditar a capacidade e representación das partes, e demais requisitos necesarios para a sinatura dun convenio de colaboración. Asemade, requirirá da previa aprobación polo órgano competente de cada parte do seu texto.

TERCEIRA. ÁMBITO DA COLABORACIÓN

A colaboración entre as partes concretarase nos respectivos convenios específicos, que detallarán as actuacións concretas a desenvolver e a as obrigas que asume cada parte. A estes efectos o ámbito da colaboración poderá abranger as seguintes actuacións:

- ∞ Loxística e organización das actividades necesarias para o desenvolvemento dos eventos deportivos.
- Posta a disposición da organización das instalacións deportivas nas que se desenvolvan os eventos deportivos.
- Actividades complementarias para o fomento do balonmán de base.

CUARTA. INSTALACIÓNS E USO

A cesión de instalacións deportivas e a posta a disposición da organización, corresponderá aos Concellos de Vigo e de Pontevedra, nos termos que se fixen nos convenios específicos, velando porque cumpran coas medidas e requisitos regulamentariamente fixados, vestiarios para equipos e árbitros, salas de prensa, megafonía, marcador electrónico ou iluminación axeitada. A cesión das instalacións contemplará os seguros en materia de responsabilidade civil, así como plans de evacuación, seguridade e autoprotección. Asemade, as instalacións poranse a disposición no prazo fixado no respectivo convenio, para que a Federación Española de Balonmán realice as adecuacións necesarias segundo os requirimentos da Federación Internacional de Balonmán (IHF), que procederán no seu caso trala revisión, e previo aviso, polos seus inspectores.

Nos convenios específicos establecerase se procede o cobro de entradas dos distintos partidos, método de fixación dos prezos, o seu reparto entre a organización, e no seu caso entre as partes, e a reserva dunha cantidade de entradas para os colaboradores.



Concello de Vigo

QUINTA. FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O custe estimado das actuacións concretarase na memoria que se deberá achegar con cada convenio de colaboración específico. A Real Federación Española de Balonmán poderá chegar a establecer, se así se considera, acordos para o financiamento da competición a través de convenio/s específico/s con carácter definitivo coa Deputación de Pontevedra, o Concello de Vigo ou o Concello de Pontevedra, establecéndose en cada convenio específico as posibles condicións e compromisos aplicables.

A Deputación de Pontevedra, o Concello de Vigo e o Concello de Pontevedra poderán colaborar no seu desenvolvemento, mediante a participación cos seus servizos propios, recursos materiais e o seu persoal, de acordo coas obrigas que se dispoñan no respectivo convenio de colaboración.

SEXTA. PUBLICIDADE

As partes asinantes deste protocolo asumirán o compromiso de realizar as accións informativas precisas co fin de dar notoriedade as actuacións obxecto deste protocolo. Nestas accións e de modo xeral en calquera documentación de comunicación das actuacións da celebración do Campionato do Mundo Junior de Balonmán a celebrar no ano 2019, incluírase de maneira visible a imaxe corporativa que cada Administración decida. O convenio de colaboración definitivo estipulará as accións concretas, as obrigas de cada parte neste sentido.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento deste Protocolo e o impulso da colaboración entre as partes, a coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes. A representación ostentarase pola Presidenta da Deputación de Pontevedra, o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, e o Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra, ou polas persoas nas que deleguen, e un representante de carácter técnico, de cada unha das administracións. Asemade, as partes poderán contar na comisión con asesores que poderán intervir con voz pero sen voto.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación técnica das entidades asinantes coa Real Federación Española de Balonmán no diversos aspectos técnicos e organizativos para favorecer a promoción, difusión e organización dos eventos obxecto deste convenio.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

OITAVA.- VIXENCIA

O presente Protocolo entrará en vigor no momento da súa sinatura e a duración prevista para executar as actuacións previstas nel estenderase ata o 31 de decembro de 2019, ano de celebración do Campionato do Mundo Junior de Balonmán a celebrar no ano 2019, se ben a vixencia e o prazo de xustificación das actuacións se establecerá de conformidade co que dispoña o convenio de colaboración específico.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO.

Ao abeiro do disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, o presente acordo ten a consideración dun protocolo xeral de actuación, e ten natureza administrativa, rexéndose pola cláusulas establecidas nel, e quedando sometido á xurisdición Contencioso-Administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o seu incumprimento ou a súa interpretación.

En proba de conformidade, as partes subscriben e asinan o presente protocolo, por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

10(254).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE AMFIV PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18171/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/03/19 e o informe de fiscalización do 27/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-



Concello de Vigo

delgado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 53.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.07 a favor da entidade C.D. AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Amfiv conta cun equipo de elite na modalidade de baloncesto en cadeira de rodas na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.07, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. AMFIV durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva C.D. AMFIV para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 53.000,00€. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación s/n en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18171-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18171/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, don Jose Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18171/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C.D. Amfiv durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade. Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. AMFIV impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en cadeira de rodas en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.



Concello de Vigo

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 53.000,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Deportivo Amfiv.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Deportivo Amfiv na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Clube Deportivo Amfiv non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18171-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Amfiv conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Clube Deportivo Amfiv comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto cadeira de rodas na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Clube Deportivo Amfiv na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Deportivo Amfiv (revista, web, etc).



Concello de Vigo

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Deportivo Amfiv unha subvención por importe de 53.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos

incurridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incurridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con facturas pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incurridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2019.

11(255).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CORUXO FÚTBOL CLUBE PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18184/333.

Visto o informe xurídico do 11/03/19 e o informe de fiscalización do 27/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delgado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 100.000,00 € prevista na partida orzamentaria. 3410.489.00.17 a favor da entidade deportiva Coruxo Fútbol Clube, polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.



Concello de Vigo

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Coruxo F.C. conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª B de ámbito nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ªB hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Coruxo F.C. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Coruxo Fútbol Clube para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o



Concello de Vigo

proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.17, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola Coruxo Fútbol Clube durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Coruxo Fútbol Clube para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 100.000,00 €. a favor da entidade Coruxo Fútbol Clube co CIF: G-36708212 e enderezo social na rúa Carretera do Vao, S/N, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18157-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO FÚTBOL CLUBE EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18157/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade Coruxo F.C. CIF: G-36708212 e enderezo social na rúa Carretera do Vao S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18157/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Coruxo F.C. durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Segunda División B desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

O Coruxo Fútbol Clube desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que o Coruxo Fútbol Clube impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.



Concello de Vigo

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.17 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 100.000,00 €, a favor do Coruxo Fútbol Clube.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral do Coruxo Fútbol Clube na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que o Coruxo Fútbol Clube non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18157-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Coruxo Fútbol Clube conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Coruxo Fútbol Clube comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.

- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar co Coruxo Fútbol Clube na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do Coruxo Fútbol Clube (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente o Coruxo Fútbol Clube unha subvención por importe de 100.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.17 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2019.

12(256).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18223/333.

Visto o informe xurídico do 22/03/19 e o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delgado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.03 a favor da entidade Clube Atletismo Feminino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Clube Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Atletismo Feminino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:



Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Clube Atletismo Feminino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública

e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.03, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Atletismo Feminino Celta durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Clube Atletismo Feminino Celta para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€. a favor da entidade Clube Atletismo Feminino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18223-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18223/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, Dna. Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18223-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Club Atletismo Feminino Celta durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Atletismo Feminino Celta desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Clube Atletismo Feminino Celta impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Atletismo Feminino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Clube Atletismo Feminino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18223-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Atletismo Feminino Celta conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Clube Atletismo Feminino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.



Concello de Vigo

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Clube Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Atletismo Feminino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Atletismo Feminino Celta unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o



Concello de Vigo

seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2019.

13(257).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE VIGO RUGBY PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18229/333.

Visto o informe xurídico do 22/03/19 e o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delgado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 28.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.09 a favor da entidade Vigo Rugby Clube polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Vigo Rugby Club conta cun equipo de elite na modalidade de Rugby na categoría División de Honra B. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra B hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Vigo Rugby Clube e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.



Concello de Vigo

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Clube para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.09, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Vigo Rugby Clube durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Vigo Rugby Clube para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000,00€. a favor da entidade Vigo Rugby Clube co CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1ºTravesía de Santiago de Vigo 36201, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18229-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CLUBE VIGO RUGBY CLUBE EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPT. 18229/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, Xoán Martínez Reboredo como presidente da entidade Vigo Rugby Clube CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1º Travesía Santiago de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18229-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Vigo Rugby Clube durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra B desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Vigo Rugby Clube desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Vigo Rugby Clube impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Rugby en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Clube.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Vigo Rugby Clube na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Vigo Rugby Clube non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18229-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Vigo Rugby Clube conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Vigo Rugby Clube comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.



Concello de Vigo

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Rugby na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Clube na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Clube (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Clube unha subvención por importe de 28.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.



Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa

actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2019.

14(258).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB BALONMÁN SEIS DE NADAL- COIA PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18230/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/03/19 e o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.18 a favor da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia conta cun equipo de elite na modalidade de Balonmán Feminino na categoría División de Honra Prata. A actividade deste equipo na

competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Prata hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de



Concello de Vigo

racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.18, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a

documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€. a favor da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia co CIF: G-36948115 e enderezo social na rúa rúa Mondariz, 2, 36209, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17012-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.18 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CLUBE BALONMÁN SEIS DE NADAL-COIA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18230/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, Dona María Prelchi Gallego como presidenta da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia CIF nº G-36948115. e enderezo social na rúa rúa Mondariz, 2, 36209 e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18230-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio



Concello de Vigo

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra Prata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.18. prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18230-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.



Concello de Vigo

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.18 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a

entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.



Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2019.

15(259).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. 18183/333.

Visto o informe xurídico do 25/03/19 e o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delgado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3420.212.00.00 "Edificios e outras construcións".

2.- Con data 28/01/2019 (Modificada con data 21/02/2019), por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do concello de Vigo.

3.- Con data 25/01/2019, á vista do informe do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do concello de Vigo.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a adquisición dos materiais necesarios para realizar obras de mantemento e conservación nas instalacións deportivas municipais que determine o Servizo de deportes.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente a adquisición dos materiais necesarios para realizar obras de mantemento e conservación nas instalacións deportivas municipais que determine o Servizo de deportes

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministro, previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Se contempla a división en lotes do contrato fundamentado na heteroxeneidade dos subministros. Non se limita o número de lotes para os que cada licitador pode presentar oferta, nin o número de lotes que poden adxudicarse a cada licitador. Non se admiten ofertas combinadas.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como orzamento base de licitación para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese en dúas anualidades, o importe para a totalidade do contrato estímase en 215.216,28€ sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 45.195,44 € o cal totaliza un importe de 260.411,70 € con IVE (21%).

a.- Atendendo ás peculiaridades dos artigos obxecto do subministro a través deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos unitarios referidos a cada un dos artigos vinculados ó contrato e especificados no anexo I do Prego de Prescricións Técnicas particulares.



Concello de Vigo

b.- Para a determinación do orzamento base de licitación, se ten en conta a estimación de unidades para cada un dos artigos a subministrar en relación a previsión derivada da experiencia en anos anteriores, polo cal a previsión mínima de subministros para cada un dos lotes establece en base ós seguintes datos.

Lotes	Prezo sen IVE	IVE	Total
Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento.	15.822,86€	3.322,80€	19.145,66€
Lote 2: Materiais para a construción.	6.970,02€	1.463,72€	8.433,72€
Lote 3: Materiais de ferretería.	35.213,96€	7.394,93€	42.608,89€
Lote 4: Material para instalacións eléctricas.	36.644,65€	7.695,38€	44.340,03€
Lote 5: Material pintado.	12.956,65€	2.720,90€	15.677,55€
Total	107.608,14€	22.597,73€	130.205,85€

O citado prezo derívase da estimación de necesidades de material para as obras de mantemento e conservación en instalacións deportivas municipais tendo como referencia a experiencia do servizo nas derradeiras anualidades.

O importe para a totalidade do contrato estímase en **215.216,28€** sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de **45.195,42 €** o cal totaliza un importe de **260.411,70 €** con IVE (21%) co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2019	53.804,07 €	11.298,85 €	65.102,92 €
2020	107.608,14 €	22.597,71 €	130.205,85 €
2021	53.804,07 €	11.298,85 €	65.102,92 €
Totais	215.216,28 €	45.195,42 €	260.411,70 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	212.00.00	EDIFICIONS E OUTRAS CONSTRUCIÓN
------	-----------	---------------------------------

O valor estimado do contrato establécese en 581.083,96€

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar

desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución de contratos anteriores.

d.- Revisión de prezos.

Non procede revisión para o prezo do contrato.

e.- Réxime de pagamento:

O pagamento do subministro efectuarase por meses vencidos, coa presentación mensual da factura conformada pola responsable do contrato, en función das subministracións efectivamente realizadas.

A empresa adxudataria deberá entregar mensualmente a información dos albaráns correspondentes ao material.

As entregas acreditaranse mediante un certificado de recepción, que deberá ser conformado polo responsable do contrato e o representante do Contratista.

f.- Clasificación contratistas

Non procede fixar clasificación alternativa.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que, no mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, teñan un volume de facturación, no ámbito do contrato, que sexa igual ou superior ó 75% do prezo do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais subministros realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ó 75% dunha anualidade media do prezo do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.



Concello de Vigo

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Xustificación da solvencia:

Os requisitos de solvencia esixidos nesta contratación, de conformidade co establecido no art. 74 da LCSP, están directamente vinculados ao obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a solvencia requirida garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración, ademais de potenciar a participación no proceso de pequenas empresas do sector.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Tendo en conta que na relación de material a subministrar recóllese a descrición do mesmo, o criterio de valoración deberá aterse unicamente ao prezo ofertado polos licitadores.

Na súa oferta cada licitador indicará o desconto expresado porcentualmente que oferta para cada un dos lotes aos que conorra.

Conforme ao recollido no apartado 2. do PPTP, para cada un dos lotes o licitador aplicará na súa oferta o mesmo desconto, expresado porcentualmente, que oferta para os materiais que, se é o caso, fosen requiridos polo Concello e que non figuren no cadro de anexos incluído no PPTP. O orzamento a gastar nestas unidades non previstas no PPTP, será dun máximo do 20% para cada lote.

As ofertas clasificaranse en orden descendente para cada lote en función da porcentaxe de desconto aplicable.

i.- Subcontratación.

Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

j.- Prazo de garantía:

Para cada un dos lotes, establécese un período de garantía de dous anos. No caso de que os materiais subministrados sufrisen deterioros, ou no seu caso, os ensaios de control de calidade realizados resultasen insatisfactorios, o adxudicatario procederá á súa substitución, sendo á súa costa, os custos de substitución e os posibles prexuízos ocasionados.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (sen iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de dous (2) anos, e tres prórrogas dun ano cada unha.

Atendendo ás peculiaridades do obxecto do contrato en relación ó desenvolvemento das tarefas de mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais dependentes do servizo de deportes, e tendo en conta as peculiaridades do mesmo, este período enténdese como adecuado para o desenvolvemento dos obxectivos do servizo.

As características e necesidades concretas vinculadas co desenvolvemento do mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais, tendo ademais en conta a experiencia do servizo, requiren o impulso deste contrato que permita contar cos subministros necesarios para a realización dos traballos axeitados de mantemento das instalacións.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Non se fixan

n.- Modificación do contrato.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:

- 1.- Aspectos a modificar: O importe do orzamento máximo derivado dun incremento de unidades dos elementos ou materiais.
- 2.- Circunstancias que determinan a modificación: Un incremento das necesidades estimadas inicialmente por aumentar os traballos de mantemento debido a un deterioro das infraestruturas que provoque que as necesidades de subministro incrementen o importe previsto para a anualidade en curso.
- 3.- Limites da modificación: 20% do prezo do contrato.
- 4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.
 - As modificacións so afectarán ó prezo do correspondente lote na anualidade na que se produzan as mesmas.

o.-Seguro:

Non procede.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

- Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo.
- Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 21 de febreiro de 2019.
- Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do servizo de Contratación con data 22 de febreiro de 2019.
- Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **215.216,28€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **45.195,44 €** o cal totaliza un importe de **260.411,70 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2019	53.804,07 €	11.298,85 €	65.102,92 €
2020	107.608,14 €	22.597,71 €	130.205,85 €
2021	53.804,07 €	11.298,85 €	65.102,92 €
Totais	215.216,28 €	45.195,42 €	260.411,70 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3420	212.00.00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS
------	-----------	---------------------------------

- Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(260).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS “AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019”. EXPTE. 16331/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 7/03/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos pon en marcha a presente convocatoria de **“Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa”** para este ano 2019, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras desempregadas empadroadas no Concello de Vigo, cara a súa inserción laboral, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias*



Concello de Vigo

relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Os/as beneficiarios/as poderán optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos): como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixíranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 15 de xullo de 2019, a persoas novas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións): nesta modalidade, as axudas dirixíranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 1 de xaneiro e ata o 15 de xullo de 2019 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención ao colectivo da mocidade que é un dos colectivos máis débiles no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, defínense os seguintes colectivos preferentes e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano Colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Explícitase a necesidade de asinar electrónicamente a solicitude e os documentos indicados nas bases reguladoras, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.
- Para garantir o cumprimento dos requisitos e obrigas se inclúe o requisito a.2.2 e b.2.2 "Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior".
- No apartado a.2.7 se fusiona o contido dos apartados a.2.6 e a.2.7 da convocatoria anterior.
- Se inclúe o apartado a.2.9 e b.2.9 que require que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor.
- No apartado a.4.5 do programa indefinidos increméntase a obriga de manter a persoa contratada a dous anos.



Concello de Vigo

- Nos apartados a.6. e b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento se amplía o prazo de resolución e notificación do procedemento a nove meses contados a partir da publicación da convocatoria, dacordo coa LSG. Así mesmo, segundo o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3 se informa dun prazo adicional e improrrogable de quince días no caso do remate do prazo para a xustificación da axuda sen presentarse ésta.
- Na base 5.b) Renuncia se incorpora que “A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.” coa finalidade de garantir o cumprimento das bases reguladoras e convocatoria.
- Modifícase a Base 7ª. Tratamento de datos de carácter persoal e o Anexo I. Solicitud, para a súa adaptación ao vixente marco normativo en materia de protección de datos de carácter persoal.
- No Anexo I actualízase o contido relativo aos datos de contacto a efectos de notificación.
- Elimínase o Anexo VI para autorización de consulta e verificación telemática de datos, de non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo da convocatoria anterior e incorpórase a súa referencia e co seu contido actualizado no Anexo I.a. e I.b. de cada programa.
- No Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención outorgada polo Concello de Vigo actualízase o parágrafo relativo á protección de datos de carácter persoal.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2019 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2019 destas “Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa” destínase un importe total de **95.000,00€** (noventa e cinco mil euros), da

partida orzamentaria 2410 470 00 00 denominada “Plan de emprego xuvenil” do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

- Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **70.000,00€** (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.
- Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- Os modelos de formularios oficiais na páxina web (www.vigo.org) e facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin



Concello de Vigo

á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 95.000,00 € (noventa e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700000 "Plan de Emprego Xuvenil" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2019.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2019, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

∞ A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

∞ As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

∞ Os modelos de formularios oficiais na páxina web (www.vigo.org) e facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello – 4ª planta) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse

o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019

ÍNDICE

BASE 1ª. OBXECTO

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A. PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

- a.1. Beneficiarios
- a.2. Requisitos
- a.3. Tipos e contías da axuda
- a.4. Obrigas
- a.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación
- a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento
- a.7. Alteración das condicións de concesión

B. PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓN)

- b.1. Beneficiarios
- b.2. Requisitos
- b.3. Tipos e contías da axuda
- b.4. Obrigas
- b.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación
- b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento
- b.7. Alteración das condicións de concesión

BASE 3ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

BASE 4ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS



Concello de Vigo

BASE 6ª. PUBLICIDADE

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS

ANEXO III. CONSULTA DO PADRÓN MUNICIPAL DA/S PERSOA/S POLA/S QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO

ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO VI. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLO CONCELLO DE VIGO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019

BASE 1ª. OBXECTO

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2019, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A) PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

a.1. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2019** realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda terá formalizado un contrato previo non inferior a 3 meses de duración e cunha xornada laboral superior ou igual a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación. A condición de menor de 30 anos se cumprirá na data da transformación da modalidade de contrato e acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2018. A xornada laboral do contrato indefinido que se subscriba terá unha duración igual ou superior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica no punto a.3.

a.2. Requisitos

a.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da



Concello de Vigo

Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

a.2.2 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

a.2.3. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

a.2.4. Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas mozas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2018.

a.2.5. A condición de idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

a.2.6. Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos cando tivese transcorrido máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

a.2.7. A xornada do novo contrato indefinido será superior ou igual á xornada do contrato temporal do que deriva que nunca terá unha duración inferior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación (excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontínuo, que poderán ter unha duración inferior á xornada a tempo completo en cómputo anual).

a.2.8. Que se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos **agás oposición expresa do interesado** que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso do Anexo I, **en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

a.2.9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

a.3. Tipos e contías da axuda

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA⁴
Persoa traballadora, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²	
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ³	500,00 €
Importe Máximo Total	3.000,00 €

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 01/10/2018. A idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

(4) No caso de contratos a tempo parcial practicarase unha redución proporcional, respecto á xornada laboral habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda e terán unha duración igual ou superior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

a.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

a.4.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos especificados no apartado a.3 para o incremento da axuda.

a.4.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

a.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na



Concello de Vigo

lexislación laboral e, de acordo cos límites establecidos na base 2ª, apartado a.7 destas Bases reguladoras e convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, alo menos, a xornada inicialmente pactada para a persoa traballadora substituta.

a.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

a.4.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7.

a.4.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

a.4.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

a.4.8. Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

a.4.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto ata o 31 de marzo de 2020.

a.4.10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

a.4.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

a.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación

a.5.1. Solicitude

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), serán os seguintes suxeitos:

- as persoas xurídicas
- quen/es exerzan unha actividade que requira a colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio da dita actividade profesional.

Xa que logo, os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, entenderase por non presentada.

As solicitudes de subvención achegarase debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electrónicamente** con carácter previo á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

a.5.2. Documentación

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**



Concello de Vigo

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica.

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

1.

Documentación relativa á empresa:

- **Anexo I. Solicitud:** solicitude con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas.
- No caso de persoas xurídicas achegarán **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade** de quen asina a solicitude.
- **Anexo II. Declaración responsable de non ter solicitado nin percibido outras axudas polo mesmo concepto** de calquera outra administración ou entidade pública ou privada.
- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante** onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

- Copia dos **contratos de traballo** (inicial, prórrogas e de transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrados nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
- **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora a **algún dos colectivos especificados na base 2ª, apartado a.3.** destas bases e convocatoria.
- **Anexo III. Consulta do padrón municipal da/s persoa/s pola/s que se solicita subvención ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** da persoa traballadora.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base a.5, seralle requirida á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

a.5.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata o 19 de xullo de 2019**.

a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

A resolución do procedemento **publicarase no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org** e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía, no prazo de dez días



Concello de Vigo

dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

O/a adxudicatario/a da axuda está obrigado, no prazo de **dez días** a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado:

- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, **con data posterior á concesión da axuda.**
- **Anexo VI. Comunicación individualizada a cada traballador/a** obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos custos derivados da súa contratación.
- **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2020.

A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso de Anexo I, en cuxo caso xuntará de novo os certificados correspondentes nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o

Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestímulo da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

a.7. Alteración das condicións de concesión

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrara persoa algunha co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.

A nova contratación deberá ser comunicada ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.



Concello de Vigo

A beneficiaria dispón dun prazo de dez días, que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a extinción do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

- **Declaración responsable da causa da extinción contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente ou baixa da persoa contratada inicialmente.
- **Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contrato de traballo da nova persoa traballadora** comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

B) PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)

b.1. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Comprenderá a contratación por conta allea, de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días (segundo a súa Vida Laboral).

Esta modalidade comprenderá a contratación de persoas desempregadas inscritas no servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) no período comprendido **dende o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2019** que resulten seleccionadas entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles remitirá a correspondente oferta de emprego. No caso de inexistencia de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda, estar desempregados e inscritos no servizo Público de Emprego e, ademais, estar empadroados no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2018.

Os/As beneficiarios/as verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo que non será inferior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación, tal e como se especifica no punto b.3.

b.2. Requisitos

b.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 LXS e 10 LSG.

b.2.2 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

b.2.3. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

b.2.4. As persoas a contratar polo beneficiario deberán ser menores de 30 anos, desempregadas inscritas no servizo Público de Emprego e, ademais, estar empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2018, e que accedan ao seu primeiro emprego ou que a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral.

b.2.5. Con carácter previo á contratación, solicitarán as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e ante a oficina do servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, da correspondente oferta de emprego.

b.2.6. A condición de idade menor de 30 anos da persoa traballadora pola que se solicita esta axuda deberá concorrer na data de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

b.2.7. As persoas traballadoras contratadas nas modalidades de prácticas ou para a formación e o aprendizaxe non poderán substituír a outras persoas traballadoras que estiveran contratadas nos tres meses anteriores na empresa baixo a mesma modalidade contractual para ocupar o mesmo posto de traballo, salvo que aquelas relacións laborais se extinguiran por acadar a duración máxima prevista na lexislación laboral de aplicación. A dita circunstancia farase constar mediante declaración responsable subscribida pola empresa solicitante.

b.2.8. Que se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos **agás oposición expresa do interesado** que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso do Anexo I, **en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.



Concello de Vigo

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

b.2.9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

b.3. Tipos e contías da axuda

CONTRATACIÓNS	CONTRATO 2 MESES	CONTRATO 6 MESES	CONTRATO IGUAL
Persoa desempregada, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	1.500,00 €	3.000,00 €	4.500,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²			
<ul style="list-style-type: none">• Primeiro empregado/a da empresa• Muller• Persoa con discapacidade³• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social⁴• Participante dalgún dos programas da concellería	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Vítima de violencia de xénero	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Importe Máximo Total	1.900,00 €	3.800,00 €	5.500,00 €

⁽¹⁾ Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/10/2018 e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral. A idade menor de 30 anos deberá concorrer o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

⁽²⁾ O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo, agás o colectivo de VVD.

⁽³⁾ A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.

⁽⁴⁾ Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social

recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

Nos supostos de contratacións a tempo parcial serán subvencionables os contratos a xornada parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou o 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación, con redución proporcional, respecto á xornada habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda. Como caso excepcional e previa xustificación, que será avaliada pola Comisión de Valoración, poderase subvencionar contratacións cunha duración mínima inferior.

b.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 da LSG, as que seguen:

b.4.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado b.3 para o incremento da axuda.

b.4.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

b.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos na base 2ª, apartado b.7 destas Bases reguladoras e convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, cando menos, a xornada inicialmente pactada para a persoa traballadora substituta.

b.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

b.4.5. Nos supostos de contratos en prácticas, presentarase a titulación da persoa traballadora en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que se está en disposición de obter a dita titulación.

b.4.6. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado b.7.

b.4.7. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

b.4.8. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.



Concello de Vigo

b.4.9. Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

b.4.10. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto ata o **31 de marzo de 2020**.

b.4.11.- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.

b.4.12. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

b.5. Solicitud, documentación e prazo de presentación

b.5.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), serán os seguintes suxeitos:

- as persoas xurídicas
- quen/es exerzan unha actividade que requira a colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio da dita actividade profesional.

Xa que logo, os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, entenderase por non presentada.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web

(www.vigo.org) e **asinadas electrónicamente** con carácter previo á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

b.5.2. Documentación

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica.

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

- **Anexo I. Solicitude:** solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, da identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións.
- No caso de **persoas xurídicas**, achegar **poder suficiente** ou documento acreditativo **para actuar en nome da sociedade** de quen asina a solicitude.
- **Anexo II. Declaración responsable de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda** polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada.
- **Anexo III. Consulta do padrón municipal da/s persoa/s pola/s que se solicita subvención ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** da persoa traballadora.



Concello de Vigo

- **Anexo IV. Oferta de emprego** para tramitar polo **Concello de Vigo**.
- **Ficha de oferta de emprego** presentada ante o **SPEG**.
- **Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención**.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recabar os ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

b.5.3 Prazo de presentación

O **prazo de presentación** de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata o 19 de xullo de 2019**.

b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do

recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

A resolución do procedemento **publicarase no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org** e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

O/a adxudicatario/a da axuda está obrigado, no prazo de **dez días** a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado:

- **Copia do contrato de traballo** no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do servizo Público de Emprego.
- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda.



Concello de Vigo

- **Informe da vida laboral completa da persoa traballadora** obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).
- **Para os contratos en prácticas, titulación do traballador** en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo que faga constar estar en disposición de obter a dita titulación.
- **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto b.3.** destas bases e convocatoria.
- **Anexo VI, Comunicación individualizada a cada traballador/a** obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos custos derivados da súa contratación.
- **Fotografía do cartel informativo da subvención** colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2020.

A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso de Anexo I, en cuxo caso xuntará de novo os certificados correspondentes nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

b.7. Alteración das condicións de concesión

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao

reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto b.4.6.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora.

A cobertura do posto vacante deberá producirse dentro dos dez días seguintes ao cese, e por un período de tempo equivalente ao que reste para a finalización do período estipulado inicialmente. No caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro.

Para a selección da nova persoa a contratar poderá incorporar unha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial ou deberá presentar a correspondente oferta de emprego ante o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrase ningunha persoa co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

Se o traballador contratado causara baixa durante a tramitación da solicitude e con anterioridade á resolución de concesión, decaerá o dereito á solicitude presentada do solicitante da subvención e archivarase a súa solicitude, sen perxuízo de que poda presentar unha nova solicitude pola contratación doutra persoa traballadora.

A empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a extinción do contrato e a nova contratación; e deberá acreditar:

- **Declaración responsable da causa da extinción contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente **ou baixa da persoa traballadora contratada inicialmente.**
- **Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contrato de traballo da nova persoa traballadora** comunicado na correspondente Oficina de Emprego do servizo Público de Emprego.

BASE 3ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como



Concello de Vigo

as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar menor de 30 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

BASE 4ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

4.1. Instrución e tramitación das axudas

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

➤ O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, será o encargado da revisión e tramitación das solicitudes e poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales informará á Comisión de

Valoración e proporá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

- Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia, na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

4.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

–O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.

–O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretario.

–Un/Unha técnico/a do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.



Concello de Vigo

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

O persoal técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

4.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario para iso.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

31. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o

momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

32. Renuncia

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

33. Infraccións e sancións

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.



Concello de Vigo

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de Información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

6.3. Publicidade do financiamento público

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de **"AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA"** do Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local. E deberá manterse exposto, cando menos, ata o 31 de marzo do 2020.

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento, por un importe total de 95.000,00€ (noventa e cinco mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **70.000,00€** (setenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.



Concello de Vigo

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegaranse as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

17(261).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA), PARA O ANO 2019. EXPTE. 23110/332.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 04/04/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das

competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

O convenio obxecto do expediente é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral e ao abeiro dos artigos 34 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, 86.1 Lei 39/2015 (LPAC) e 111 TRRL –no que ás entidades locais especificamente se refire—, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados. O Concello de Vigo ostenta competencias para a realización das actividades ás que se refire o convenio para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao



Concello de Vigo

Concello, son principalmente de carácter económico e concrépanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2019.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercizos anteriores dende hai máis de quince anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W327525-2245 en data 25/02/2019 e co nº de doc. 190028382 e rectificación de documentación presentada a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W328157-758 en data 27/02/2019 co nº de doc. 190029870**, a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

O obxecto deste convenio non está comprendido nos contratos regulados na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, polo que, dacordo co disposto no art. 6 de dita norma, o convenio que nos ocupa queda fóra do seu ámbito.

Toda vez que o convenio prevé unha disposición dineraria por parte do Concello de Vigo a favor da FOANPA, sen contraprestación directa desta, suxeita ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social – xestión de comedores, actividades extraescolares, formación de ANPAS e gastos de xestión da Federación- co cumprimento das obrigas pactadas no convenio, estamos en presenza da concesión directa dunha subvención á FOANPA por convenio que se rexe pola lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións (D.O.G.A. 121 do 25 de xuño do 2007). O artigo 5.2, da lei de subvencións establece que a xestión das subvencións se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, sinalando o artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, o artigo 19.4 establece que poderán concederse directamente as subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais co crédito adecuado e suficiente para a súa concesión, neste caso e conforme ás instrucións da Concalleira de Educación, con cargo á partida 3260.489.00.01 “Convenio Foanpa” que conta cunha dotación de 606.039,31.-€, pertencente ao orzamento municipal de 2019.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxuar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2019. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Achégase o texto proposto para que, tras o preceptivo informe da Intervención municipal se someta á consideración da Xunta de Goberno Local:

“1º.- Aprobar a concesión directa da subvención de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2019; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.00.01 (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o texto do proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA) para o ano 2019, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2019, e que de deseguido se dí:



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2019”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, Don Miguel Álvarez Parada, como presidente da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 23110-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos

obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2019, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31.-€**, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2019.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 23110-332.



Concello de Vigo

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.
- 3 Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.
- 4 Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.
- 5 Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.
- 6 Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.
- 7 Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.
- 8 En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00.-€** coa asinatura do convenio e antes do 30 de maio.
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65.-€** a fin de curso e antes do 30 de xullo, e
- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66.-€**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2. O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A Foanpa e Anpas asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta á normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.



Concello de Vigo

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a Foanpa deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.844.682,00- euros (86.000,00.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.042.212,00-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.716.470,00.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais de Pais de Vigo e comarca (FOANPA) está obrigada a relacionarse electrónicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo.

Noveno.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- O presente convenio estenderá o seu periodo de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

Décimo primeiro.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo segundo.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2019, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.



Concello de Vigo

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo cuarto.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sétimo.- Os datos personais do representante da FOANPA, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPA), para o ano 2019”

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017 de 8 de novembro, Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2019, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos), que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2019** realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades



Concello de Vigo

temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións), que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2019** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2018.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

Segundo. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Terceiro. Réxime da convocatoria

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 38/2003 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **95.000,00 €** (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **70.000,00€** (setenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 19 de xullo de 2019.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.



Concello de Vigo

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O persoal técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será publicada no taboleiro de edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Oitavo. Criterios de valoración

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE
DD/MM/AAAA, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO
EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" no marco da actuación municipal para o ano 2019, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2019** realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.



Concello de Vigo

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2019** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2018.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **95.000,00 €** (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **70.000,00€** (setenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que

será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 19 de xullo de 2019.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

18(262).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS NO MES DE MARZO DE 2019. EXPTE. 7912/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe- proposta de data 05/04/19, asinado polo técnico de Xestión do Servizo de Festas e pola concelleira-delegada de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de marzo de 2019.



Concello de Vigo

Expte: 7896/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, LUCES E SON PARA O CONCERTO DE TREIXADURA NA PORTA DO SOL

Decreto concelleira data: 21/03/2019

Informe Intervención: ADM 23348

Adxudicatario: TREIXADURA GAITEIROS

Importe total: 10.890,00 EUROS

Expte: 7898/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIAS POLO CONCERTO DE TREIXADURA.

Decreto concelleira data: 21/03/2019

Informe Intervención: ADM 23349

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 1.694,00 EUROS

Expte: 7897/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE TREIXADURA

Decreto concelleira data: 26/03/2019

Informe Intervención: ADM 24143

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 10.264,74 EUROS

Expte: 7902/335. CONTRATACIÓN DE DÚAS AMBULANCIAS PARA O CONCERTO DE TREIXADURA

Decreto concelleira data: 27/03/2019

Informe Intervención: ADM 24386

Adxudicatario: AMBUIBÉRICA SERVICIOS SANITARIOS SA

Importe total: 825,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(263).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE NO MES DE MARZO DO ANO 2019. EXPTE. 9186/224.

Dáse conta do informe- proposta de data 05/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, e pola concelleira-delagada de Igualdade Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de marzo do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9016-224	CMSE	Distribución material da Concellería de Igualdade entre os distintos colectivos de mulleres e sociais da cidade, centros de ensino, así como entre os servizos exteriores dependentes deste órgano xestor	Reperto Urgente SL Gestión	23112230000	01/03/2019	605,00 €
9073-224	CMSE	Deseño, edición, gravación e serigrafía de 100 pendrives co vídeo "Consello Municipal da Muller. 25 anos facendo camiño"	Xisela Franco Costas	23112260601	01/03/2019	1.343,10 €
9068-224	CMSE	Reportaxe gráfica das actividades desenvolvidas pola Concellería de Igualdade durante o mes de marzo	Alfonso Durán Castillo	23112260601	01/03/2019	1.694,00 €
9069-224	CMSE	Servizos megafonía/amplificación de son de apoio aos actos: contacontos en igualdade e visita guiada ao roteiro feminino Sons de Mulleres	Jesús Ruperto Andrés Tejada	23112260601	01/03/2019	242,00 €
9074-224	CMSE	Colaboración literaria no recital aberto de poesía de xénero	Iolanda Pérez Zúñiga	23112260601	01/03/2019	200,00 €
9066-224	CMSE	Creatividade e produción de 32 mupis e 5000 unidades de flyers para a campaña "Día internacional das mulleres"	Rita Más Ibañez	23112260601	01/03/2019	1.896,70 €
9056-224	CMSE	Curso loga de 20 horas na Vogalía da Muller do CRAC de Coruxo	CCAR de Valladares	23112260600	01/03/2019	720,00 €
9078-224	CMSE	Servizo de tres menús no acto de entrega do "Premio de igualdade de Ernestina Otero	Coia Hotel Tur SA	23112260601	05/03/2019	84,00 €
9105-224	CMSE	Curso Risoterapia de 20 horas no CRAC de Coruxo	Romina Milego Goberna	23112260600	21/03/2019	720,00 €
9077-224	CMSU	Adquisición dun ramo de flores para o acto de entrega do "Premio de Igualdade Ernestina Otero"	Nora Bello Campos	23112260601	05/03/2019	70,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

20(264).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA (QUIOSCOS) NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2019. EXPTE. 13848/306.

Visto o informe xurídico do 05/04/19 e o informe de fiscalización do 08/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/19, asinado polo xefe de Servizo de Sanidade Consumo e Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

I.- Normativa aplicable:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (RLPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALG)
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBCL).
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas (RXC).
- Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).
- Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Concordante normativa de aplicación

II.- Antecedentes:

II.1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 22 de novembro de 2018, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2019, e para o outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e

concorrenza competitiva), toda vez que no ano 2018 rematou o prazo das autorizacións outorgadas con anterioridade.

II.2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de decembro de 2018, acordou aprobar o Plan de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada:quioscos nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2019 (expte. 13848/306), conforme a documentación técnica obrante no dito procedemento, cos seguintes quioscos:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre	20

e solicitar as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

Tamén, acordou que unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrenza competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das



Concello de Vigo

Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) proceder a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o contido das autorizacións sectoriais para o seu cumprimento.

II.3.- O xefe do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica emitiu autorización sectorial en data 29/01/2019 (doc. 190016463) para os quioscos 1, 9, 10 e 11, autorizando unha ocupación do dominio público marítimo terrestre e servidume de tránsito, dunha superficie pechada de 20 m² en todos os quioscos, e de zona de terraza de 40 m² para o quiosco 1, de 50 m² en cada un dos quioscos 9 e 10, no período 1 de xuño a 30 de setembro de 2019.

II.4.- En data 19/02/2019, o Concello de Vigo procedeu ó pagamento do canon de ocupación do DPMT servizos de tempada 2019, por importe de 6.400,00 euros.

II.5.- A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATV en data do 01/03/2019 (doc. 190031470) outorgou ó Concello de Vigo a autorización da C.A. na zona de servidume de protección do DPMT, para a instalación dos sete quioscos desmontables ó servizo da praia, nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8, cunhas dimensións de 20 m² cada un deles, para o período 1 de xuño a 30 de setembro de 2019.

II.6.- En data do 06/03/2019, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo emite memoria xustificativa para a licitación das autorizacións.

II.7.- En data do 22/03/2019, a xefa do Servizo de Contratación emite o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares.

III.- Fundamentos de dereito.

III.1.- As autorizacións obxecto da licitación é para a ocupación privativa do dominio público con once quioscos de temporada nas praias con instalacións desmontables e por período que non supera os catro anos.

As dos quioscos 9, 10 e 11 corresponde á ocupación de dominio público marítimo terrestre previsto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e no regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, cuxa ocupación e explotación pode realizar o Concello a través de terceiros e trala aprobación do correspondente plan de ocupación e explotación dos servizos de temporada polo Servizo Provincial de Costas, debendo respectar os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva (artigos 26, 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 110, 113 do Rd 876/2014, de 10 de outubro).

As dos quioscos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 corresponde á ocupación de dominio público municipal, o primeiro na zona de servidume de tránsito da Lei de Costas (suxeito a autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas) e os restantes na zona de servidume de protección da dita Lei (suxeitos á autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda), cuxo outorgamento debe acomodarse ó previsto na lexislación de réxime local sobre bens e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), a través dun procedemento de pública concorrência o estar o seu número limitado (artigo 26 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 86.2., 92 e 96 da LPAP).

III.2.- Consta no expedientes as correspondentes autorizacións sectorias esixibles para a licitación das autorizacións conforme á normativa de costas antes citada.

III.3.- O prego de cláusulas administrativas particulares reflicte un total de 11 lotes que coincide co número de quioscos que se instalarán e que se axustan as determinacións do Plan de ocupación de servizos de tempada do ano 2019 aprobado pola XGL do 20/12/2018 e ás autorizacións sectoriais citadas.

O único criterio de adxudicación, logo da cualificación de aptitude, é o maior incremento do canon mínimo fixado na cláusula 4ª. Outorgaranse 100 puntos á oferta que inclúa un maior incremento do canon e as restantes valoraranse proporcionalmente con aquela.

O prazo das autorizacións será para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2019 ata o 30 de setembro de 2019, sen prexuízo da posibilidade de prórroga dun ano nos termos reflectidos no prego.

O canon mínimo a aboar ó concello por cada un dos lotes determinouse en función dos seguintes criterios:

a) Quioscos situados en DMPT estatal:

O maior que resulte de aplicar o canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, incrementado no importe das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (superficie de terraza ou aberta) ou o canon da última adxudicación das autorizacións, anos 2017/2018, coa redución do 40 por cento.

b) Quioscos situados en terreos de titularidade municipal:

O maior que resulte de aplicar o importe da suma das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) ou o canon da última adxudicación, anos 2017/2018, coa redución do 40 por cento.

Os citados criterios xustifícanse en que o canon debe ser acorde co valor que tería no mercado a utilización derivada do aproveitamento se os bens non fosen de dominio público polo que, cando



Concello de Vigo

menos, debe ser igual ou superior ás taxas que resultarían de aplicación das Ordenanzas fiscais municipais ao abeiro do establecido no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, tendo, ademais, en consideración o importe do canon adxudicado nos últimos anos.

III.4.- Resulta necesaria a tramitación urxente do procedemento de licitación xa que no período estival as praias teñen unha gran afluencia, resultando necesario que estean en funcionamento os servizos hixiénico-sanitarios de uso públicos que levan asociados ditos quioscos ou que colaboran na limpeza dos de titularidade pública. A necesidade de autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica para os quioscos que se instalan no Dominio Público Marítimo Terrestre ou en zona de servidume de tránsito y da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATV para os quioscos que sitúan en zona de de servidume do referido Dominio Público Marítimo Terrestre e que establecen condicións que deben cumprir os adxudicatarios para as ocupacións e instalacións dos quioscos e que foron recibidas en datas 01/02/2019 e 01/03/2019, respectivamente, ténndoas solicitado en decembro de 2018, imposibilitou a tramitación do procedemento para a adxudicación das autorizados destes quioscos con anterioridade.

A maior abundamento cómpre sinalar que, con carácter xeral, a LCSP establece nos artigos 156.6. e 159.3. un prazo mínimo de 15 días naturais para presentación de proposicións nos contratos de servizos, subministro. Non obstante, no caso que nos ocupa, considérase de aplicación o artigo 96 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de PAP, aínda que non ten carácter básico, por ser norma máis específica na materia, que establece un prazo de 30 días o que demoraría aínda máis a adxudicación. Por outra banda, a documentación que deben presentar os licitadores nas súas proposicións é sinxela polo que non se observa ningún prexuízo a estes coa redución dos prazos á metade pola declaración de urxencia.

A tramitación de urxencia do procedemento debe acordarse expresamente polo órgano de contratación conforme á LCSP.

III.5.- A competencia para a resolución do presente procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 e 11 da Disposición adicional segunda da LCSP), tralo informe favorable da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral municipal (Disposición adicional terceira da LCSP).

En mérito ó que antecede trala emisión favorable dos referidos informes, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 13848/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2019.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2019, asinado dixitalmente o 22 de marzo de 2019.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(265).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ENAXENACIÓN DE EFECTOS NON UTILIZABLES (VEHÍCULOS AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL E MATERIAL DE CHATARRA) DEPOSITADOS NO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 13393/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/03/19 e o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/19, asinado polo xefe de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delgado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 8/11/18 Informe de idoneidade e necesidade polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e en data 9/11/18 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da Área de Servizos Xerais.

2.- Defínense con precisión no referido informe xustificativo as necesidades que pretenden cubrirse a medio do presente contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais, as cales veñen constituídas pola necesidade do Parque Central de Servizos de eliminar os vehículos de baixa así como residuos metálicos coa periodicidade e nas preceptivas condicións de seguridade legalmente establecidas.

Así, constitúe o obxecto do contrato o alleamento segundo as necesidades e nas condicións referidas, por unha banda, dos vehículos cualificados como efectos non utilizables por non ser aptos para o servizo ao cal se atopaban afectos debido ao seu estado de deterioro e polas graves deficiencias técnicas, resultando na actualidade totalmente inservibles para a súa finalidade e destino, motivo por el cal únicamente procede a súa entrega coa única finalidade de proceder a súa descontaminación e destrución por centro autorizado CAT. Constitúe do mesmo xeito obxecto do presente procedemento, o alleamento de residuos metálicos procedentes de mobiliario urbano, cable eléctrico, utillaxe, ferramentas de traballo,...

3.- En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 12/11/18.



Concello de Vigo

4.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 8/11/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías e en data 9/11/18 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da área de Servizos Xerais.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 12/11/18, acordando "iniciar o expediente para a enaxenación de vehículos ao final da súa vida útil e o material de "chatarra" os cales constitúen efectos non utilizables depositados no Parque Central, todo en cumprimento dos correspondentes fins institucionais"

c).- Informe xeral sobre a inversión do suxeito pasivo conforme ao Art.84 da Lei do IVE 37/1992" de data 22/02/2.019 asinado polo vogal do Órgano de Reclamación Económico Administrativo.

d).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 4/03/2019 e en data 5/03/19 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da Área de Servizos Xerais, achegándose a correspondente Declaración do redactor.

e).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 4/03/19 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías, en data 5/03/19 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da área de Servizos Xerais, 6/03/19 polo Xefe da Área de Inversións-Área Servizos Xerais e e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 6/03/19.

f).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 6/03/19.

g).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 6/03/19.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a división en lotes (de conformidade co artigo 99.3 LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto simplificado segundo o establecido no artigo 159 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello. Non procedendo a limitación do artigo 277.3 da Lei 5/1.997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia por tratarse no presente suposto de bens non utilizables nos servizos locais.

Sexto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Terceira.8 da LCSP e Disposición Adicional Oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación da fiscalización previa da Intervención de conformidade co establecido no artigo 116.3 LCSP.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a fin de proceder á enaxenación de efectos non utilizables, vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra depositados no Parque Central de Servizos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías en data 4/03/19 e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Área Servizos Xerais en data 5/03/19.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 6/03/19.



Concello de Vigo

Cuarto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(266).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DOS MURAIIS DO QUINTO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 9234/307.

Visto o informe de fiscalización do 04/04/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de sesión 03/04/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos

murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,62
2	ORECO, S.A.	91,18
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	90,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 27 de marzo de 2019, que presenta a documentación requirida o 2 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 7 e 12 de marzo de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307) por un importe total de 226.942,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.386,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(267).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O PRIMERO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 9374/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 01/04/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o primeiro trimestre de 2019.

Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para as actividades preparatorias e complementarias do V PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA e os contratos menores privados de servizos para a contratación dos artistas participantes no Programa:

Expte. (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9241	material funxible para reposición de pequenas ferramentas e maquinaria durante o ano 2019	GARCIVENTA B36797470	2450,06
9240	plaguicidas, sementes, abono, emendantes e similares para o xardín histórico de Castrelos durante o ano 2019	CASAPLANTA B36892644	2867,15
9264	plantas anuais para o xardín histórico de Castrelos durante o ano 2019	JARDÍN AL MAR (Federico Curt Martínez) 22775166Z	1030,00
9265	plantas bianuais para o xardín histórico de Castrelos durante o ano 2019	CASAPLANTA SL B36892644	4407,70
9242	plantas subarbusivas para o xardín histórico de Castrelos durante o ano 2019	VIVEIROS ADOA B36300564	5.552,00
9219	diario EL PAÍS á 1ª Tenencia de Alcaldía-Concellería de Patrimonio Histórico durante o ano 2019	EDICIONES EL PAÍS SL B85635910	380
9218	diario FARO DE VIGO á 1ª Tenencia de Alcaldía-Concellería de Patrimonio Histórico durante o ano 2019	FARO DE VIGO A36600815	380
9215	mantemento do ascensor do Centro de Interpretación do Mundo Romano en Toralla para o ano 2019	INDELEV B27775139	653,4
9216	mantemento dos extintores instalados nos equipamentos adscritos a Patrimonio Histórico	SEGRUIDAD MAR B36632552	215,38
9300	poda urxente de pólas de eucalipto, retirada e equilibrado posterior do exemplar no xardín histórico do pazo de Castrelos	VIVEIROS ADOA B36300564	1633,98
9217	recollida e tratamento dos restos vexetais do xardín histórico de Castrelos durante o ano 2019	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA A36028082	5922,84
9348	labores de reparacións nos muíños municipais do Severo, en Cabral, ocasionados tralo último temporal	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS B36746584	2577,30
9239	reparación de maquinaria e ferramentas durante o ano 2019 (febreiro-décembro)	FOREST GARDEN (Gaspar Martínez Cameselle) 36047646E	2376,13
9301	reparación do sistema eléctrico do xacemento arqueolóxico de O Castro de Vigo	ELECTRICIDAD REMESEIRO SL (ELRE) B36624815	915,002
9286	reparación e mantemento do sistema de climatización do equipamento municipal do Centro de Interpretación do Mundo Romano	FRICLIMA, SL B36618007	992,20

V PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA

I. ARTISTAS PARTICIPANTES:



Concello de Vigo

Expte. (307)	Nombre artista	Honorarios (euros)
9266	Andrés Leopoldo Agis Branchi (Erb Mon)	6000
9267	Elara Elvira	4000
9268	Ana Santiso	4000
9269	Iker Muro Uranga (Murone)	7000
9270	Alba Castillo Costa (Abi Castillo)	5000
9271	Ghizlane Agzenai	6500
9272	Ramón Conde-Corbal Varela (Mon Devane)	5000
9273	Fernando Hernández Arboleda (Koctel)	6000
9274	Marcos Míguez Puhinger	3000
9275	Mina Hamada	5000
9276	Ezequiel Fernández-Silva Alonso (Zosen Bandido)	5000
9278	María Noel Silvera Malvarez	10000
9279	Vanesa Álvarez Díaz	5000
9280	Iván Rodríguez Arias (Chephoner)	4000
9281	Nathalia Gallego Sánchez (Gleo)	10000
9357	Samuel Marín Rodríguez (Sam3)	8000

II. OUTRAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA:

Expte. (307)	Actividade	Terceiro	Importe (euros)
9262	asistencia de apoio técnico ao servizo de Patrimonio Histórico para a contratación dos artistas invitados para participar no V PROGRAMA MEDIANEIRAS	Xiana Alonso Población 36164339J	1936
9260	colocación das lousas con poemas na vía pública	ARTE BRONCE FUNDICIÓN SL B36154912	2593,63
9328	coordinación de seguridade e saúde das obras do V PROGRAMA MEDIANEIRAS	Bethania Sánchez de Haz 36139494P	4356
9306	publicidade e difusión do V PROGRAMA MEDIANEIRAS a través da cobertura audiovisual, desenvolvemento na web do Programa e a xestión dos contidos do mesmo	Samnh Joem Hardie Núñez 53194215E	14.520
9327	dirección facultativa das obras do V PROGRAMA MEDIANEIRAS	Xiana Alonso Población 36164339J	6776
9316	transporte en autobús de público en xeral e alumnado de centros educativos á actividade ARTE URBANA+BATALLA MURAL	AUTNA SL B36713089	517

9288	implementación, coordinación e soporte material (mobiliario, son e gráfico) das xornadas artísticas participativas no espazo público	PAULA CABALEIRO COMESAÑA (53611190F)	3.630,00 €
		ÍÑIGO RODRÍGUEZ ROMÁN (35567775T)	726,00 €
		ÓSCAR PÉREZ MATEO (35313627W)	2.420,00 €
		SOLIMUSIC EVENTS (B27793728)	181,50 €
		TOTAL	6.957,50 €
9289	artistas das xornadas participativas no espazo público	Iago Eireos Franco (33346125N)	2.420,00 €
		Cristina Fernández Núñez (36115264C)	2.420,00 €
		Asociación Cultural Vértixe (G27751296)	1.210,00 €
		Músicos ao vivo S. Coop. Galega (F27843200)	1.210,00 €
		Ruth Balvís Calviño (34999103A)	1.210,00 €
		ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL, SL (B70206008)	1.694,00 €
		TOTAL	10.164,00 €
9299	celebración das II xornadas de arte urbano e unha "batalla mural"	PROXECTO EWA, co CIF G27814516	14.520,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

24(268).- DAR CONTA CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA XEFATURA DE POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 63980/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 03/04/19, asinado polo intendente da Policía Local, e polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:



Concello de Vigo

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativo aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019 (xaneiro, febreiro e marzo), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

ANEXO

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
62478/212	1320 2080001	SER	Aluguer cabalos cabalgata Reis Magos	Benito Conrado Pérez Martínez	02/01/19	04/01/19	05/01/19	3.415,83
62525/212	1320 2240000	SER	Seguro parque Infantil Tráfico Castro	Mapfre Vida, SA	10/01/19	09/01/19	31/12/19	2.410,63
62551/212	1320 2279903	SER	Xestión administrativa verificación aparellos medición	Gestoria Rodal, SL	14/01/19	11/01/19	31/12/19	10.000,00
62577/212	1320 2279910	SER	Curso regulación emocional: afrontamento estrés	María Leonor Lago Campos	22/01/19	15/01/19	26/02/19	1.200,00
62593/212	1320 2200100	SER	Libros, publicacións e material didáctico	-	22/01/19	15/01/19	31/12/19	500,00
62644/212	1320 2140000	SER	Substitución rotulación deteriorada 6 motocicletas	Enrique Pérez Lorenzo	07/02/19	01/02/19	31/12/19	592,49
62654/212	1320 6290001	SUB	13 desfibriladores semiautomáticos	Anek S3, SL	28/01/19	24/01/19	31/12/19	18.136,69
62655/212	1320 2279910	SER	Curso soporte vital e manexo defibriladores semiautomáticos	Anek S3, SL	28/01/19	24/01/19	31/12/19	7.980,00
62765/212	1320 2219900	SUB	Coletores fluído oral análises drogas em saliva	Universidade de Santiago de Compostela	11/02/19	25/01/19	31/12/19	2.32,80
62786/212	1320 2330000	SER	Curso práctica dunha inspección ocular técnico policial orientada á protección indicios	Teresa Riera Táboas	28/01/19	01/02/19	10/04/19	1.200,00
62791/212	1320 2140000	SER	Reparación e mantemento 2 bicicletas	Redonbike SL	28/01/19	25/01/19	31/12/19	159,54
62833/212	1320 2270620	SER	Análises saliva em laboratorio homologado	Universidade de Santiago de Compostela	07/02/19	31/01/19	31/12/19	18.148,79
62839/212	1320	SER	Mantemento	Drager Safety	07/02/19	01/02/19	31/12/19	8.445,80

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
	2279900		integral etilómetros e drugtest	Hispania, SA				
62843/212	1320 2330000	SER	Curso actuación policial ante os Tribunais	Ramón García Palacios	31/01/19	06/02/19	03/05/19	1.200,00
62855/212	1320 2330000	SER	Curso aplicación da forza lexitima por funcionarios de Policía Local	Juan Carlos Carballal Paradela e Francisco Planas Rodríguez	07/02/19	18/02/19	09/04/19	2.400,00
63001/212	1320 6260001	SUB	Ordenador portátil	Netcom Informática Profesional SL	14/02/19	13/02/19	31/12/19	1.145,00
63025/212	1320 2219900	SUB	Material consumible operatividade sección Atestados	Drager Safety Hispania SL	11/02/19	11/02/19	31/12/19	8.858,59
63105/212	1320 2219900	SUB	Complementos equipos comunicacións	Vehículos, Equipamentos y Carrocerías Prieto-Puga	15/02/19	13/02/19	31/12/19	4.347,09
63175/212	1320 2219900	SUB	Material consumible para etilómetro evidencial marca Safir	Saborit International	19/02/19	15/02/19	31/12/19	641,30
63291/212	1320 2330000	SER	Curso actuación policial com vehículos de mobilidade persoal	Benito Souto Calviño	27/02/19	05/03/19	13/05/19	600,00
63383/212	1320 2219900	SUB	Lanternas detectoras e alta visibilidade	Peycar Pontevedra, SL	06/03/19	05/03/19	31/12/19	907,50
63475/212	1320 2330000	SER	Curso delitos contra a seguridade viaria	Carlos María Tomás Gil García	05/03/19	07/03/19	29/05/19	1.200,00
63536/212	1320 6250000	SUB	Vitrina para defibrilador semiautomático	Anek S3, SL	07/03/19	06/03/19	31/12/19	192,39
63542/212	1320 2260100	SUB	30 metopas protocolarias	Raúl Álvarez Fernández	07/03/19	06/03/19	31/12/19	1.951,12
63555/212	1320 2219900	SUB	Luvas desechable e mantas aluminio térmicas	Comercial Integral Especialista Suministros, SL	11/03/19	11/03/19	31/12/19	143,66

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

25(269).- INCENTIVO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA DE DIVERSOS EMPREGADOS MUNICIPAIS (FEBREIRO 2019). EXPTE. 33519/220.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/02/19 e complementario de 4/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 01/03/19, asinado pola xefa de Negociado de Personal e Seguridade-Social, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Os seguintes empregados municipais, a través das instancias con número de documento e datas de presentación que se reflicten a continuación, solicitan o incentivo á xubilación anticipada:

Nº doc.	Data entrada	Nome e apelidos	Nº persoal	Data efectos xubilación	Data resolución	Expte. xubilación
190008822	18/01/19	J.M. Estévez Albela	14203	31/01/19	01/02/19	33389-220
190009382	21/01/19	A. Vázquez Marín	14210	31/01/19	01/02/19	33385-220
190010621	23/01/19	J.M. Álvarez Domínguez	15906	31/01/19	01/02/19	33387-220
190010630	23/01/19	F. Rivera Couñago	15852	31/01/19	01/02/19	33388-220
190010746	23/01/19	I. López Vázquez	16828	31/01/19	01/02/19	33386-220
180201206	18/12/18	S. Cruz Pazo	22881	31/01/19	07/02/19	33171-220
180181624	13/11/18	M. Guardado Soage	16515	01/02/19	01/02/19	32970-220
180177622	06/11/18	M. Pío López	17727	03/02/19	01/02/19	33418-220
180184484	16/11/18	M.V. de Novoa Seijo	16811	26/02/19	31/01/19	32969-220
190015122	30/01/19	A. Vidal Trigo	14261	28/02/19	06/02/19	33440-220
190007103	16/01/19	J.A de la Fuente Villanueva	14226	28/02/19	06/02/19	33428-220
190010046	22/01/19	M. González González	14350	28/02/19	06/02/19	33427-220
190010154	22/01/19	S. Domínguez Costa	14812	28/02/19	06/02/19	33430-220
190010207	22/01/19	J.M. Moo García	14806	28/02/19	07/02/19	33441-220
190010388	22/01/19	V.M. Morquillas Rodríguez	14278	28/02/19	06/02/19	33377-220
190010792	23/01/19	M.M. Fernández Costas	14195	28/02/19	06/02/19	33432-220
190010716	23/01/19	M.Á. Fernández Pena	16870	28/02/19	07/02/19	33433-220
190011579	24/01/19	F. Bastos Rodríguez	14344	28/02/19	06/02/19	33431-220
190011583	24/01/19	M.Vázquez Álvarez	18402	28/02/19	06/02/19	33434-220
190012615	25/01/19	F. J. Guedella Gómez	16923	28/02/19	06/02/19	33435-220
190012387	25/01/19	A. Santos Iglesias	17213	28/02/19	06/02/19	33436-220
190013486	28/01/19	A. Castiñeira Cortiñas	18342	28/02/19	06/02/19	33438-220
190015130	30/01/19	J. Sanjuán Pérez	12397	28/02/19	06/02/19	33439-220
190017795	05/02/19	C. Comesaña Denis	15154	28/02/19	11/02/19	33470-220

2.- Ditos empregados solicitaron a xubilación voluntaria con efectos nas datas anteriormente indicadas achegando informe de vida laboral, informe de simulación de xubilación da Tesorería Xeral da Seguridade Social, así como declaración xurada de conformidade cos

datos que lles facilitou dito organismo, acreditando que cumprían os requisitos para acceder a dita situación, as cales foron autorizadas por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal das datas e nos expedientes relacionados na táboa anterior.

3.- A regulación legal da xubilación vén recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación no relativo á xubilación anticipada, recollida no Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, podendo os empregados municipais por vontade propia acceder á xubilación anticipada, sempre que reúnan os requisitos legais necesarios.

4.- A Corporación municipal en sesión de 28 de decembro de 1998, aprobou o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, onde no seu Capítulo IX Acción Social, no seu artigo 33 recóllese este incentivo, que se transcribe literalmente:

“Artigo 33.- Incentivos á xubilación anticipada.

A xubilación producirase ós 65 anos de idade sen prexuízo de prórroga no servizo que autorice a lexislación vixente.

A xubilación voluntaria antes de cumpri-la dita idade, e sempre que legalmente sexa posible, dara lugar a unha indemnización polos seguintes importes:

Se se xubila ós 60 anos: 1.500.000.- ptas.

Se se xubila ós 61 anos: 1.300.000.- ptas.

Se se xubila ós 62 anos: 1.00.000.- ptas.

Se se xubila ós 63 anos: 800.000.- ptas.

Se se xubila ós 64 anos: 600.000.- ptas.”

5.- Con datas 17 e 21 de decembro de 2015, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador, acordou o mantemento do artigo 33 así como fixar un criterio de cómputo de aplicación de proporcionalidade. A tal efecto, incorpórase copia de dita acta ao presente expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

- Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social.
- Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo (art. 33).



Concello de Vigo

- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

CONCLUSIÓN.-

Procede o outorgamento do incentivo á xubilación anticipada aos empregados que se relacionan a continuación, que contan na data de xubilación coa idade que se indica, polos seguintes importes que fan un total de 163.976,17 euros, que deberán imputarse con cargo a partida 22101610400 "Reserva para xubilación anticipada":

Nome e apelidos	Nº persoal	Idade	Importe
J.M. Estévez Albela	14203	64 anos e 3 meses	2.704,55 €
A. Vázquez Marín	14210	63 anos e 11 meses	3.706,25 €
J.M. Álvarez Domínguez	15906	60 anos e 4 meses	8.614,51 €
F. Rivera Couñago	15852	62 anos e 1 mes	5.909,95 €
I. López Vázquez	16828	61 anos e 8 meses	6.611,13 €
S. Cruz Pazo	22881	60 anos e 4 meses	8.614,51 €
M. Guardado Soage	16515	60 anos	9.015,18 €
M. Pío López	17727	63 anos e 6 meses	4.207,09 €
M.V. de Novoa Seijo	16811	60 anos e 4 meses	8.614,51 €
A. Vidal Trigo	14261	60 anos e 9 meses	8.113,67 €
J.A de la Fuente Villanueva	14226	63 anos e 8 meses	4.006,75 €
M. González González	14350	60 anos e 1 mes	8.915,01 €
S. Domínguez Costa	14812	60 anos e 5 meses	8.514,34 €
J.M. Moo García	14806	60 anos	9.015,18 €
V.M. Morquillas Rodríguez	14278	60 anos e 10 meses	8.013,50 €
M.M. Fernández Costas	14195	64 anos e 6 meses	1.803,04 €
M.Á. Fernández Pena	16870	61 anos e 11 meses	6.160,37 €
F. Bastos Rodríguez	14344	60 anos e 9 meses	8.113,67 €
M.Vázquez Álvarez	18402	60 anos e 3 meses	8.714,68 €
F. J. Guedella Gómez	16923	60 anos	9.015,18 €
A. Santos Iglesias	17213	60 anos e 6 meses	8.414,17 €
A. Castiñeira Cortiñas	18342	62 anos e 8 meses	5.208,77 €
J. Sanjuán Pérez	12397	62 anos e 11 meses	4.908,27 €
C. Comesaña Denis	15154	61 anos e 5 meses	7.061,89 €

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, e de conformidade coas competencias recollidas no art. 127.1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en datas 19/09/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"Primeiro.- Estimar as solicitudes de incentivo á xubilación anticipada e acceder ao outorgamento con cargo a partida 22101610400 "Reserva para xubilación anticipada", aos empregados que se indican, polas contías que en cada caso se especifican e que importan un total de 163.976,17 euros:

Nome e apelidos	Nº persoal	Importe
J.M. Estévez Albela	14203	2.704,55 €
A. Vázquez Marín	14210	3.706,25 €
J.M. Álvarez Domínguez	15906	8.614,51 €
F. Rivera Couñago	15852	5.909,95 €
I. López Vázquez	16828	6.611,13 €
S. Cruz Pazo	22881	8.614,51 €
M. Guardado Soage	16515	9.015,18 €
M. Pío López	17727	4.207,09 €
M.V. de Novoa Seijo	16811	8.614,51 €
A. Vidal Trigo	14261	8.113,67 €
J.A de la Fuente Villanueva	14226	4.006,75 €
M. González González	14350	8.915,01 €
S. Domínguez Costa	14812	8.514,34 €
J.M. Moo García	14806	9.015,18 €
V.M. Morquillas Rodríguez	14278	8.013,50 €
M.M. Fernández Costas	14195	1.803,04 €
M.Á. Fernández Pena	16870	6.160,37 €
F. Bastos Rodríguez	14344	8.113,67 €
M.Vázquez Álvarez	18402	8.714,68 €
F. J. Guedella Gómez	16923	9.015,18 €
A. Santos Iglesias	17213	8.414,17 €
A. Castiñeira Cortiñas	18342	5.208,77 €
J. Sanjuán Pérez	12397	4.908,27 €
C. Comesaña Denis	15154	7.061,89 €



Concello de Vigo

Segundo.- Acordar que se proceda a súa inclusión na nómina municipal (v.ref. Expte. 30171-220).

Terceiro.- A vista do informe de fiscalización remitido pola Intervención Xeral, de data 27 de febreiro de 2019, no que se manifesta que existe consignación presupostaria para facer fronte a dito gasto, dentro da bolsa de vinculación, anexándose RC nº. 16205 polo importe proposto, deberá iniciarse pola Área de Recursos Humanos e Formación expediente de modificación presupostaria ao obxecto de cumprimento das obrigas orzamentarias.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en dereito."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(270).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 33715/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/04/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 20/02/2019, a Xefa do Servizo de Estatística, remite oficio, conformado pola Xefa da área de Réxime interior, manifestando a urxente necesidade de dous/dúas auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 13/03/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se

aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 20/03/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-



Concello de Vigo

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo

(RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Estatística, conformado pola Xefa da área de Réxime interior, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o



Concello de Vigo

presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A convocatoria de eleccións xerais para o día 28 de abril, e de eleccións locais para o 26 de maio provoca un incremento ou exceso das tarefas habituais do servizo que xustifica a proposta.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas auxiliares de administración xeral para o Servizo de Estatística, supón un gasto de **23.611,54 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.484,64 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

Igualmente, no informe técnico especificábase que o gasto que supón a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, incluídos os nomeamentos con cargo a praza vacante, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente ano, afectan a disposición dos créditos dos postos vacantes que están sendo utilizados nas modificacións orzamentarias a realizar nas partidas do Capítulo I de Gastos nos que é necesario para afrontar as retribucións do persoal, entre as que se atopan as seguintes: 920.0.150.0000 (produtividade), 920.0.151.0000 (gratificacións), 920.0.141.0000 (Indemnización sentenzas xudiciais ou resolucións doutras administracións), 920.0.143.0001 (persoal indefinido por sentenza) e, 221.0.161.0400 (Reserva xubilacións anticipadas), ao igual que tamén podería afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a outros expedientes en tramitación, entre eles o expte. 31779/220 "Actuacións para a implementación práctica do acordo plenario de data 05/04/2018 en relación ao réxime retributivo do persoal de policía e bombeiros", que se atopa en tramitación.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D.^a Paula García Márquez, con DNI ***6040** e D.^a Marta Pereira Martínez con DNI ***6486**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de Estatística contidas no escrito do 20/02/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.611,54 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **auxiliares de administración xeral** a D.^a Paula García Márquez, con DNI ***6040** e D.^a Marta Pereira Martínez con DNI ***6486**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos



Concello de Vigo

proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscritos/as ao Servizo de Estatística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

SEXTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Xefa de Estatística, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(271).- NOMEAMENTO INTERINO DE 3 AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES CORRESPONTENTES Á OEP 2018, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.A) DO RDL 5/2015, DE 30

DE OUTUBRO, PARA VARIOS SERVICIOS (REXISTRO XERAL E DIRECCIÓN DE INGRESOS). EXPTE. 33398/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 08/04/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 23/11/2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2018 (expte. 31180/220), publicada no BOP nº 227 de 26/11/2018 e no DOG nº 18 de 25/01/2019, modificada por acordo do mesmo órgano de data 21/01/2019, e publicada no BOP nº 27 de 07/02/2019 e no DOG nº35 de 19/02/2019, integrada por, entre outras, tres prazas vacantes de Auxiliar de administración xeral pola quenda libre.

2.- Con data 27/11/2018, a Directora de Ingresos, remite oficio, coa conformidade do Concelleiro delegado de orzamentos e facenda, manifestando a urxente necesidade de un/unha auxiliar de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

Así mesmo, con data 17/01/2019, a Secretaria de goberno local, remite oficio manifestando a urxencia na incorporación de dous/dúas auxiliares de administración xeral, para garantir o axeitado cumprimento da normativa aplicable que esixe que o persoal que presta servizos no Rexistro Xeral teña a condición de funcionario, non resultando axeitada a adscrición de persoal con duración de 6 meses, que impide o desenvolvemento do proxecto de adaptación ao deseño previsto pola LPAC e a LRXSP.

3.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrucións de servizo de datas 28/02/2019 e 25/03/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible á correspondente proposta á Xunta de Goberno Local de nomeamentos interinos das referidas prazas vacantes de auxiliar de administración xeral incluídas na oferta de emprego público 2018, previstos no artigo 10.1.a). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23/11/2018, publicada no BOP de 26/11/2018 e no DOG 25/01/2019.

4.- Con data 12/03/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, constando expresamente que "Nos negociados códs. 512-Negociado I.A.E-E.U.I e, 513-Plusvalía, dependentes xerarquicamente da Dirección de Ingresos, aplicación orzamentaria 932.0 do



Concello de Vigo

vixente orzamento, existen postos vacantes de Auxiliar, cód. 138. En consecuencia, existen neses negociados crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta. Así mesmo existen postos vacantes de auxiliar nos servizos - 301-Benestar Social, partida funcional 164.0, 108-Desenvolvemento Local e Emprego, partida funcional 241.0, 220-Area RRHH e Formación, partida funcional 920.1, 232-Oficina asistencia ao Rexistro e Información, partida funcional 920.4 e, 234-Estatística, partida funcional 923.1”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).**

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o



Concello de Vigo

seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2018 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23/11/2018, acordo modificado na sesión do mesmo órgano de data 21/01/2019.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), dous/días deles/delas adscritos a Rexistro Xeral (cód. 201) e un/unha adscrito a Inspección de tributos (cód 502), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Constan os escritos da Directora de ingresos e da Secretaria de goberno local solicitando a cobertura das vacantes, así como as instrucións de servizo nas que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos con cargo ás prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público 2018 (polo período 01/04/2019-31/12/2019), supoñen un gasto de **53.125,97€**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **16.840,44 €** en concepto de Seguridade social a cargo da empresa.

O custo de ditos nomeamentos para o exercicio 2019 imputarase ás seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base), 121.0004 (complemento de destino), 121.0104 (complemento específico) e 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).

Igualmente, no informe técnico especificase que o gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, incluídos os nomeamentos con cargo a praza vacante, como é o caso, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, **poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a outros expedientes en tramitación, entre eles o expte 31779/220 “Actuacións para a implementación práctica do acordo plenario de data 05/04/2018 en relación ao réxime retributivo do persoal de policía e bombeiros”, que se atopa en tramitación e, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico que figura no expte. 31808/220, trámite 78 derradeiro parágrafo, que se transcribe.**

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Marcos Costas Sousa, con DNI ***8805**, D^a. Aldara Vila Rodríguez con DNI ***7993** e D^a María Rosario Carballo Troncoso, con DNI ***0789**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos con cargo ás prazas vacantes de auxiliar de administración xeral correspondentes á oferta de emprego público 2018 segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:



Concello de Vigo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder á provisión interina de tres prazas de auxiliar de administración xeral con cargo ás prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público 2018, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **53.125,97€**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico.

O custo de ditos nomeamentos para o exercicio 2019 imputarase ás seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base), 121.0004 complemento de destino), 121.0104 (complemento específico) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as con cargo ás prazas vacantes de auxiliar de administración xeral a D. Marcos Costas Sousa, con DNI ***8805**, D^a. Aldara Vila Rodríguez con DNI ***7993** e D^a María Rosario Carballo Troncoso, con DNI ***0789**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as ditas prazas, previa resolución do proceso selectivo, competitivo e público incluído na oferta de emprego correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de goberno local na súa sesión de 23/11/2018, publicada no BOP nº 227 de 26/11/2018 e no DOG nº 18 de 25/01/2019, modificada por acordo do mesmo órgano de data 21/01/2019, e publicada no BOP nº 27 de 07/02/2019 e no DOG nº35 de 19/02/2019; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138-Auxiliar.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Directora de ingresos, á Secretaria de goberno local, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de

Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(272).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE OFICIAL ELECTRICISTA DA OEP 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 33743/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación da Área de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018, aprobou as bases xerais e específicas dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas nas OEP 2014-2015-2016 (publicadas no BOP nº 60 de 26/03/2018), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 31295/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 32440/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.



Concello de Vigo

Rematado o proceso selectivo de OFICIAL ELECTRICISTA, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 1.070,88 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. núm. Persoal 78894, presidente titular, con DNI ****0611*, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D. núm. Persoal 81618, con DNI nº 3606*****, como secretario cinco asistencias de 42,83 € e unha asistencia como vogal do órgano de selección de 39,78 cada unha, importa un total de 253,93 €.

D. núm. Persoal 14516, vogal do órgano de selección, con DNI nº ****5311*, cinco asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 198,90 €.

D. núm. Persoal 79035, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36****73*, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. núm. Persoal 80695, como secretaria, con DNI nº 36**74***, unha asistencia de 42,83 € cada unha, importa un total de 42,83 €.

D^a. núm. Persoal 82190 asistencia técnico-administrativa, con DNI 3613*****, unha asistencia de 39,78 €. importa un total de 39,78 €

D. núm. Persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, con DNI ****0789*, unha asistencia de 39,78 €, importa un total de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade das prazas de Oficial Electricista correspondente á OEP 2014-2015-2016 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1.070,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. núm. Persoal 78894, presidente titular, con DNI ****0611*, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D. núm. Persoal 81618, con DNI nº 3606*****, como secretario cinco asistencias de 42,83 € e unha asistencia como vogal do órgano de selección de 39,78 cada unha, importa un total de 253,93 €.

D. núm. Persoal 14516, vogal do órgano de selección, con DNI nº ****5311*, cinco asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 198,90 €.

D. núm. Persoal 79035, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36****73*, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. núm. Persoal 80695, como secretaria, con DNI nº 36**74***, unha asistencia de 42,83 € cada unha, importa un total de 42,83 €.

D^a. núm. Persoal 82190 asistencia técnico-administrativa, con DNI 3613*****, unha asistencia de 39,78 €. importa un total de 39,78 €

D. núm. Persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, con DNI ****0789*, unha asistencia de 39,78 €, importa un total de 39,78 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(273).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXIANCIA E CONTROL DE VIGOZOO. EXPTE. 33745/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/19, asinado pola técnica de formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/06/2018, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego de Oficial Coidador de Mantemento, Vixilancia e Control de VigoZoo (publicadas no BOP nº 169, de 03/09/2018). Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 32023/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de OFICIAL COIDADOR DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE VIGOZOO, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.



Concello de Vigo

A referida certificación importa un total de 2.616,30 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

Nº de persoal 16283, presidente, con DNI nº ****0789*, nove asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 417,69 €.

Nº de persoal 17495, secretario, con DNI nº 36****56*, nove asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 417,69 €.

Nº persoal 10889, vogal, DNI nº 36**66***, nove asistencias de 36,72 € e unha en sábado de 55,08 cada unha, importa un total de 385,56 €.

Nº persoal 83267, vogal, DNI nº 3****45**, nove asistencias de 36,72 € e unha en sábado de 55,08 cada unha, importa un total de 385,56 €.

Nº persoal 83282, vogal, DNI nº ****7908*, nove asistencias de 36,72 € e unha en sábado de 55,08 cada unha, importa un total de 385,56 €.

Nº persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3945*****, unha asistencia de 55,08 €, importa un total de 55,08 €.

Nº persoal 82190 asistencia técnico-administrativa, con DNI 3613*****, dúas asistencias de 36,72 € e unha en sábado de 55,08 cada unha, importa un total de 128,52 €

Nº persoal 81854, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3611*****, tres asistencias de 36,72 € e unha en sábado de 55,08 cada unha, importa un total de 165,24 €.

Nº persoal 15540, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3603*****, unha asistencia de 55,08 €, importa un total de 55,08 €.

Nº persoal 21858, asistencia técnico-administrativa, DNI nº **1029***, unha asistencia de 55,08 €, importa un total de 55,08 €.

Nº persoal 82743, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3495*****, unha asistencia de 55,08 €, importa un total de 55,08 €.

Nº persoal 22390, asesor especialista, DNI nº 3609*****, dúas asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 73,44 €.

Nº persoal 23840, asesora especialista, DNI nº ****4893*, unha asistencia de 36,72 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha bolsa de emprego de oficiais condutores e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 2.616,30 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

Nº de persoal 16283, presidente, con DNI nº ****0789*, nove asistencias de 42,83 € e unha en sábado de 64,245 cada unha, importa un total de 449,72 €.

Nº de persoal 17495, secretario , con DNI nº 36****56*, nove asistencias de 42,83 € e unha en sábado de 64,245 cada unha, importa un total de 449,72 €.

Nº persoal 10889, vogal, DNI nº 36**66***, nove asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 417,69 €.

Nº persoal 83267, vogal , DNI nº 3****45**, nove asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 417,69 €.

Nº persoal 83282, vogal, DNI nº ****7908*, nove asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 417,69 €.

Nº persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3945*****, unha asistencia de 59,67 € , importa un total de 59,67 €.

Nº persoal 82190 asistencia técnico-administrativa, con DNI 3613*****, dúas asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 139,23 €

Nº persoal 81854, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3611*****, tres asistencias de 39,78 € e unha en sábado de 59,67 cada unha, importa un total de 179,01 €.

Nº persoal 15540, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3603*****, unha asistencia de 59,67 € , importa un total de 59,67 €.

Nº persoal 21858, asistencia técnico-administrativa, DNI nº **1029***, unha asistencia de 59,67 € , importa un total de 59,67 €.

Nº persoal 82743, asistencia técnico-administrativa, DNI nº 3495*****, unha asistencia de 59,67 € , importa un total de 59,67 €.

Nº persoal 22390, asesor especialista, DNI nº 3609*****, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

Nº persoal 23840, asesora especialista, DNI nº ****4893*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(274).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS . EXPTE. 33751/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/19, asinado pola técnica de formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/12/2018, aprobou as bases xerais e específicas para a bolsa de emprego de nomeamentos interinos como técnico medio de arquivos (publicadas no BOP nº 18 de 25/01/2018), para a provisión de funcionarios interinos. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 30966/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 31357/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 1.236,10 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. núm. Persoal 79579, presidente titular, con DNI ****7814*, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D. núm. Persoal 79872, con DNI nº 7759****, como secretaria titular, catro asistencias de 42,83 €, importa un total de 171,32 €.

D. núm. Persoal 79672, con DNI nº ****5953*, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, como secretaria accidental, e catro asistencias de 39,78 € como Vogal do órgano de selección, importa un total de 250,88 €.

D. núm. Persoal 18135, vogal do órgano de selección, con DNI nº ****5127*, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. núm. Persoal 18299, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36****08*, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. núm. Persoal 81854, asistencia administrativa de RRHH, con DNI nº 36****79*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

D. núm. Persoal 23840, asistencia técnica Servizo de Normalización Lingüística, con DNI nº 36****93*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión da bolsa de nomeamentos interinos de TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS as competencias recollidas no

artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1.236,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. núm. Persoal 79579, presidente titular, con DNI ****7814*, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D. núm. Persoal 79872, con DNI nº 7759****, como secretaria titular, catro asistencias de 42,83 €, importa un total de 171,32 €.

D. núm. Persoal 79672, con DNI nº ****5953*, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, como secretaria accidental, e catro asistencias de 39,78 como Vogal do órgano de selección, importa un total de 250,88 €.

D. núm. Persoal 18135, vogal do órgano de selección, con DNI nº ****5127*, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. núm. Persoal 18299, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36****08*, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. núm. Persoal 81854, asistencia administrativa de RRHH, con DNI nº 36****79*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

D. núm. Persoal 23840, asistencia técnica Servizo de Normalización Lingüística, con DNI nº 36****93*, unha asistencia de 39,78

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(275).- DIETAS DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DA OEP 2014, 2015 E 2016, SUBGRUPOS A2 E C1 (ENXEÑEIRO TÉCNICO TOPOGRAFÍA, TÉCNICO DE RR.LL., TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS, PROGRAMADOR INFORMÁTICO E SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO). EXPTE. 33757/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/19, asinado pola técnica de formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018, aprobou as bases xerais e específicas dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas nas OEP 2014-2015-2016 (publicadas no BOP nº 60 de 26/03/2018), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 31295/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 32440/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematados os procesos selectivos de ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA, TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS, PROGRAMADOR INFORMÁTICO, TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS e SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO os Secretarios dos Órganos de Selección remitiron a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de **7.360,99 €**, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

NÚM. PERSOAL	DNI	CATEGORÍA	NÚM. ASISTENCIAS	PROCESO SELECTIVO	DIETAS	GASTOS DESPLAZAMENTO	IMPORTE TOTAL
23283	**04****	PRESIDENTA SUPLENTE	6	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	256,98 €		256,98 €
16283	36****89	PRESIDENTE	1	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	42,83 €		42,83 €
21640	76****99	SECRETARIO	7	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	299,81 €	4,45 €	304,26 €
80047	3****069	VOGAL	7	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	278,46 €		278,46 €
79925	349****6	VOGAL	7	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	278,46 €	4,70 €	283,16 €
81854	36**66**	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	1	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	39,78 €		39,78 €
80892	36**94**	ASESOR ESPECIALISTA	1	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	39,78 €		39,78 €

NÚM. PERSOAL	DNI	CATEGORÍA	NÚM. ASISTENCIAS	PROCESO SELECTIVO	DIETAS	GASTOS DESPLAZAMIENTO	IMPORTE TOTAL
D. RAFAEL SENN GÓN-ZALEZ	3530*****	VOGAL	7	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	278,46 €	51,74 €	330,20 €
TOTAL					1.514,56 €		1.575,45 €
78150	****4004*	PRESIDENTA	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	214,15 €		214,15 €
79579	3462*****	SECRETARIA	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	214,15 €		214,15 €
78151	3326*****	VOGAL	4	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	159,12 €		159,12 €
22332	3382*****	VOGAL SUPLENTE	1	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	39,78 €		39,78 €
80472	36****03*	VOGAL	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	198,90 €		198,90 €
23337	****3563*	VOGAL	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	198,90 €		198,90 €
TOTAL					1.025,00 €		1.025,00 €
78152	5249*****	PRESIDENTE SUPLENTE	1	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	42,83 €		42,83 €
78150	34****04*	PRESIDENTA	7	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	299,81 €		299,81 €
79579	3462*****	SECRETARIA	8	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	342,64 €		342,64 €
80892	36**94**	VOGAL	8	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	318,24 €		318,24 €
D. SANTIAGO PEREZ AGRA	5316*****	VOGAL	7	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	278,46 €	135,82 €	414,28 €
80613	****9873*	VOGAL	8	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	318,24 €		318,24 €
TOTAL					1.600,22 €		1.736,04 €
79389	3267*****	PRESIDENTE	6	TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS	256,98 €		256,98 €
D. BLANCA ANA ROIG SANCHEZ	3613*****	SECRETARIA	6	TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS	256,98 €		256,98 €
78150	34****04*	VOGAL	6	TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS	238,68 €		238,68 €
19270	3604*****	VOGAL	6	TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS	238,68 €		238,68 €
19299	****8508*	VOGAL	6	TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS	238,68 €		238,68 €
81854	36**66**	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	4	TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS	159,12 €		159,12 €



Concello de Vigo

NÚM. PERSOAL	DNI	CATEGORÍA	NÚM. ASISTENCIAS	PROCESO SELECTIVO	DIETAS	GASTOS DESPLAZAMENTO	IMPORTE TOTAL
TOTAL					1.389,12 €		1.389,12 €
D. MIGUEL ESTEVEZ PRADO	3614****	PRESIDENTE	7	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	299,81 €	79,27 €	379,08 €
21054	**0882***	PRESIDENTE SUPLENTE	3	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	128,49 €		128,49 €
76266	****7543*	SECRETARIO	10	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	428,30 €		428,30 €
D. JOSE NESTOR PADRON CIBEIRA	3608****	VOGAL	10	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	397,80 €		397,80 €
D. FELIX DÍAZ RODRÍGUEZ	3242****	VOGAL	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €	44,32 €	84,10 €
76473	*6076****	VOGAL	7	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	278,46 €		278,46 €
22438	****6158*	VOGAL SUPLENTE	2	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	79,56 €		79,56 €
77039	****6616*	VOGAL SUPLENTE	3	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	119,34 €		119,34 €
81854	36**66**	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €		39,78 €
22390	3609****	ASESOR ESPECIALISTA	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €		39,78 €
16283	36****89	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €		39,78 €
TOTAL					1.890,88 €		1.635,39 €
IMPORTE TOTAL A ABOAR							7.360,99 €

D. RAFAEL SENN GONZÁLEZ con DNI 3530*****, vogal do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total de sete asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 1 x 0,19 (11,324 €) máis 40,4 € do parking, peaxe, tren e taxi o que supón un total de 330,20 € a abonar no número IBAN ES3720805401513000375393

D. SANTIAGO PEREZ AGRA con DNI 5316*****, vogal do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total de sete asistencias de 39,78 € cada unha, máis

kilometraxe, 59,6 km x 7 x 0,19 (79,268 €) máis 42,9 € dos peaxes e 13,65 dos parkings, o que supón un total de 414,28 € a abonar no número IBAN ES5220800570633040004875

D. BLANCA ANA ROIG SANCHEZ con DNI 3613****, secretaria do órgano de selección, funcionario Da Xerencia Municipal de Urbanismo, conta cun total de seis asistencias a 42,83 € que supón un total de 256,98 € a abonar no número IBAN ES6500190107144010038664

D. MIGUEL ESTEVEZ PRADO con DNI 3614****, presidente do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total de sete asistencias de 42,93 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 7 x 0,19 (79,268 €) o que supón un total de 379,08 € a abonar no número IBAN ES6214650290851721051105

D. JOSE NESTOR PADRON CIBEIRA con DNI 3242****, vogal do órgano de selección, funcionario Da Xerencia Municipal de Urbanismo, conta cun total de dez asistencias de 39,78 € o que supón un total de 397,8 € a abonar no número IBAN ES8700495470512595056656

D. FELIX DÍAZ RODRÍGUEZ con DNI 5316****, vogal do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total dunha asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 1 x 0,19 (11,324 €) máis 24,39 € dos peaxes e 8,6 do parking, o que supón un total de 84,10 € a abonar no número IBAN ES2520800040663000068684

Á vista de todo o exposto, e previos informes da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación dos Secretarios dos órganos de selección encargados de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade das prazas de ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA, TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS, PROGRAMADOR INFORMÁTICO, TÉCNICO/A DE RELACIÓNS LABORAIS e SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO, correspondentes ás OEP 2014-2015-2016 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de **7.360,99 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

NÚM. PER-SOAL	DNI	CATEGORÍA	NÚM. ASISTENCIAS	PROCESO SELEC-TIVO	DIETAS	GASTOS DESPLAZA-MENTO	IMPORTE TOTAL
23283	**04****	PRESIDENTA SU-PLENTE	6	ENXEÑEIRO TÉCNI-CO EN TOPOGRA-FÍA	256,98 €		256,98 €
16283	36****89	PRESIDENTE	1	ENXEÑEIRO TÉCNI-CO EN TOPOGRA-FÍA	42,83 €		42,83 €
21640	76****99	SECRETARIO	7	ENXEÑEIRO TÉCNI-CO EN TOPOGRA-FÍA	299,81 €	4,45 €	304,26 €
80047	3****069	VOGAL	7	ENXEÑEIRO TÉCNI-CO EN TOPOGRA-FÍA	278,46 €		278,46 €



Concello de Vigo

NÚM. PER-SOAL	DNI	CATEGORÍA	NÚM. ASISTENCIAS	PROCESO SELEC-TIVO	DIETAS	GASTOS DESPLAZA-MENTO	IMPORTE TOTAL
79925	349****6	VOGAL	7	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	278,46 €	4,70 €	283,16 €
81854	36**66**	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	1	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	39,78 €		39,78 €
80892	36**94**	ASESOR ESPECIALISTA	1	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	39,78 €		39,78 €
D. RAFAEL SENN GÓN-ZALEZ	3530*****	VOGAL	7	ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA	278,46 €	51,74 €	330,20 €
TOTAL					1.514,56 €		1.575,45 €
78150	****4004*	PRESIDENTA	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	214,15 €		214,15 €
79579	3462*****	SECRETARIA	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	214,15 €		214,15 €
78151	3326*****	VOGAL	4	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	159,12 €		159,12 €
22332	3382*****	VOGAL SUPLENTE	1	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	39,78 €		39,78 €
80472	36****03*	VOGAL	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	198,90 €		198,90 €
23337	****3563*	VOGAL	5	TÉCNICO MEDIO DE SISTEMAS	198,90 €		198,90 €
TOTAL					1.025,00 €		1.025,00 €
78152	5249*****	PRESIDENTE SUPLENTE	1	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	42,83 €		42,83 €
78150	34****04*	PRESIDENTA	7	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	299,81 €		299,81 €
79579	3462*****	SECRETARIA	8	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	342,64 €		342,64 €
80892	36**94**	VOGAL	8	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	318,24 €		318,24 €
D. SANTIAGO PEREZ AGRA	5316*****	VOGAL	7	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	278,46 €	135,82 €	414,28 €
80613	****9873*	VOGAL	8	PROGRAMADOR INFORMÁTICO	318,24 €		318,24 €
TOTAL					1.600,22 €		1.736,04 €
79389	3267*****	PRESIDENTE	6	TÉCNICO/A DE RELACIONES LABORAIS	256,98 €		256,98 €
D. BLANCA ANA ROIG SANCHEZ	3613*****	SECRETARIA	6	TÉCNICO/A DE RELACIONES LABORAIS	256,98 €		256,98 €

NÚM. PER-SOAL	DNI	CATEGORÍA	NÚM. ASISTENCIAS	PROCESO SELECTIVO	DIETAS	GASTOS DESPLAZAMIENTO	IMPORTE TOTAL
78150	34****04*	VOGAL	6	TÉCNICO/A DE RELACIONES LABORAIS	238,68 €		238,68 €
19270	3604*****	VOGAL	6	TÉCNICO/A DE RELACIONES LABORAIS	238,68 €		238,68 €
19299	****8508*	VOGAL	6	TÉCNICO/A DE RELACIONES LABORAIS	238,68 €		238,68 €
81854	36**66**	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	4	TÉCNICO/A DE RELACIONES LABORAIS	159,12 €		159,12 €
TOTAL					1.389,12 €		1.389,12 €
D. MIGUEL ESTEVEZ PRADO	3614*****	PRESIDENTE	7	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	299,81 €	79,27 €	379,08 €
21054	**0882***	PRESIDENTE SUPLENTE	3	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	128,49 €		128,49 €
76266	****7543*	SECRETARIO	10	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	428,30 €		428,30 €
D. JOSE NESTOR PADRON CIBEIRA	3608*****	VOGAL	10	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	397,80 €		397,80 €
D. FELIX DÍAZ RODRÍGUEZ	3242*****	VOGAL	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €	44,32 €	84,10 €
76473	*6076****	VOGAL	7	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	278,46 €		278,46 €
22438	****6158*	VOGAL SUPLENTE	2	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	79,56 €		79,56 €
77039	****6616*	VOGAL SUPLENTE	3	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	119,34 €		119,34 €
81854	36**66**	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €		39,78 €
22390	3609*****	ASESOR ESPECIALISTA	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €		39,78 €
16283	36****89	ASISTENCIA TÉCNICO ADMINISTRATIVO	1	SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	39,78 €		39,78 €
TOTAL					1.890,88 €		1.635,39 €
IMPORTE TOTAL A ABOAR							7.360,99 €



Concello de Vigo

D. RAFAEL SENN GONZÁLEZ con DNI 3530*****, vogal do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total de sete asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 1 x 0,19 (11,324 €) máis 40,4 € do parking, peaxe, tren e taxi o que supón un total de 330,20 € a abonar no número IBAN ES3720805401513000375393

D. SANTIAGO PEREZ AGRA con DNI 5316*****, vogal do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total de sete asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 7 x 0,19 (79,268 €) máis 42,9 € dos peaxes e 13,65 dos parkings, o que supón un total de 414,28 € a abonar no número IBAN ES5220800570633040004875

D. BLANCA ANA ROIG SANCHEZ con DNI 3613*****, secretaria do órgano de selección, funcionario Da Xerencia Municipal de Urbanismo, conta cun total de seis asistencias a 42,83 € que supón un total de 256,98 € a abonar no número IBAN ES6500190107144010038664

D. MIGUEL ESTEVEZ PRADO con DNI 3614*****, presidente do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total de sete asistencias de 42,93 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 7 x 0,19 (79,268 €) o que supón un total de 379,08 € a abonar no número IBAN ES6214650290851721051105

D. JOSE NESTOR PADRON CIBEIRA con DNI 3242*****, vogal do órgano de selección, funcionario Da Xerencia Municipal de Urbanismo, conta cun total de dez asistencias de 39,78 € o que supón un total de 397,8 € a abonar no número IBAN ES8700495470512595056656

D. FELIX DÍAZ RODRÍGUEZ con DNI 5316*****, vogal do órgano de selección, funcionario do concello de Pontevedra, conta cun total dunha asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraxe, 59,6 km x 1 x 0,19 (11,324 €) máis 24,39 € dos peaxes e 8,6 do parking, o que supón un total de 84,10 € a abonar no número IBAN ES2520800040663000068684.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(276).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE OFICIAL DE LIMPEZA. EXPTE. 33752/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 02/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/19, asinado pola técnica de formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018, aprobou as bases xerais e específicas dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas nas OEP 2014-2015-2016 (publicadas no BOP nº 60 de 26/03/2018), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de

fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 31295/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 32440/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de OFICIAL LIMPEZA, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 869,04 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. núm. Persoal 23337, presidente titular, con DNI ****3563*, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. núm. Persoal 79579, como secretaria titular, con DNI nº 3462****, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. núm. Persoal 15527, vogal do órgano de selección, con DNI nº ****6170*, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 80679, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36****20*, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 13764, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36**65***, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 81854, asistencia técnico administrativa, con DNI nº 36**66***, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

D. núm. Persoal 16283, asistencia técnico administrativa, con DNI nº ****0789*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

D. núm. Nº persoal 23840, asesora especialista, DNI nº ****4893*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade das prazas de OFICIAL LIMPEZA correspondente á OEP 2014-2015-2016 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das



Concello de Vigo

Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 869,04 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. núm. Persoal 23337, presidente titular, con DNI ****3563*, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. núm. Persoal 79579, como secretaria titular, con DNI nº 3462****, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. núm. Persoal 15527, vogal do órgano de selección, con DNI nº ****6170*, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 80679, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36****20*, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 13764, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36**65***, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 81854, asistencia técnico administrativa, con DNI nº 36**66***, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

D. núm. Persoal 16283, asistencia técnico administrativa, con DNI nº ****0789*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

D. núm. Nº persoal 23840, asesora especialista, DNI nº ****4893*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 36,72 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(277).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU DURANTE O EXECICIO 2019. EXPTE. 7282/104.

Visto o informe xurídico do 04/04/19 e o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/04/19, asinado pola técnica de Turismo, a concelleira-delegada de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 4 de xaneiro de 2019 a directora-xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2019.

Con data 27 de marzo de 2019 a directora-xerente da FVCB, achega o Plan de actuación e orzamento 2019 e a certificación de non débedas co Concello de Vigo, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

O obxecto do expediente correspóndese con materias de competencia propia atribuída a Entidade Local. De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.

-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

-Os rendementos do seu patrimonio.

-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.

-Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

-Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.



Concello de Vigo

- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2019 (Nº de documento 190001710) e aporta o número de conta bancaria.

Tamén consta:

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- PLAN DE ACTUACIÓN, de data 27 de marzo de 2019 (Nº documento 190044369)

Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2019 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 25 de marzo de 2019.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB.-

Ata o ano 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á FVCB víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei

9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; a partires do pasado exercicio económico 2016, a achega económica do Concello de Vigo á FVCB pasouse a realizar a través dunha transferencia de financiamento.

Esta fórmula de financiamento substituíu á subvención nominativa, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral de datas 28 de xaneiro 2016, 16 de marzo 2016 e 5 de maio de 2016.

A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicacións achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade da FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

As fundacións do sector público estatal definidas na Lei de Fundacións forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria.

A FVCB é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico.

Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de acordo a Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2019 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 19 de xuño de 2015, establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión de uso da oficina sita en Cánovas del Castillo, 3 , Of. 4, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa FVCB.

Por todo o antedito e coas conformidades da Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-



Concello de Vigo

1.-Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 200.000€ (dous centos mil euros), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- Primeiro pago de 100.000€, ingresado tralo acordo da Xunta de Goberno Local.
- Segundo pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de xuño do 2019.
- Terceiro pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de outubro do 2019.

2.-A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 "Acheга Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.-A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.-

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.-

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 27 de marzo de 2019, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio presupostario.

2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.

3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.

4.- Colaborar co Concello de Vigo–Servizo de Turismo de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.

5.- Comunicar ao Concello de Vigo-Servizo de Turismo de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

- 1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.
- 2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN.

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2019.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo e posicionarase en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB.

A FVCB achegará á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.



Concello de Vigo

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de outubro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(278).- CONVENIO URBANÍSTICO PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO DO AMBITO DA (AOP-21 DO IOP DO CONCELLO DE VIGO). EXPTE. 99650/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 02/04/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES DE FEITO

I. En data de 16/11/2018 (núm doc. 180184496) a mercantil "INMOBILIARIA FRIEIRA 360 S.L." presenta escrito no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo expoñendo o seu

interese na execución da AOP-21 del IOP en tramitación e presenta borrador de Convenio a suscribir.

A súa finalidade é promover a obtención polo Concello da titularidade dos terreos destinados a Espazos Libres e Zonas Verdes de uso público necesarios nun ámbito carente de espazos libres de uso público que á vez de posibilitar usos públicos nunha zona colmatada carente dos mesmos e que garanta a protección dos posibles restos arqueolóxicos, e o uso e goce dos mesmos por toda a cidadanía, sen interferencia algunha con intereses privados, á vez que se posibilita a transformación dunha antiga zona industrial hoxe completamente degradada e con graves interferencias sobre os usos de edificacións próximas e da poboación residente, provocando unha modificación sustantiva de usos industriais coa que se pretende continuar a transformación urbana do ámbito.

Consta no expediente a titularidade dominical e rexistral da sociedade que propón a subscripción do Convenio coa Xerencia.

II. En virtude de solicitude, mediante negociación de dita proposta de convenio, procedese a elaboración polos servizos técnicos e xurídicos da XMU da proposta de texto inicial do Convenio que consta no anexo deste informe.

III. Consta informe de enxeñeiro técnico municipal de data 1.04.2019 no que se fai constar que “en relación al expediente de referencia, y en concreto al contenido de las Estipulaciones Segunda y Tercera en las que se cuantifica el presupuesto estimado de las obras de urbanización de la denominada Parcela P-2 destinada a Espacios Libres y Zonas Verdes, considero que el modulo empleado a tal fin es correcto al ser el utilizado de manera habitual en estos supuestos, de forma que el presupuesto de ejecución material de dichas obras (277.200,-€) es suficiente para las que allí se proyecten” e consta tamén informe da Arquitecta Municipal no que se fai constar a adecuación técnica de dicha proposta e o cumprimento pola mesma dos parámetros urbanísticos de aplicación á parcela.

IV. Nesta data, a vista dos informes emitidos, se ten negociado coa mercantil “INMOBILIARIA FRIEIRA 360 S.L.” proposta de Convenio Urbanístico de execución de planeamento que consta no ANEXO a esta proposta de acordo asinada pola propietaria actual do solo afectado.

V.- La ordenación del ámbito que figura en la propuesta se adecúa a la que se norma en el Instrumento de Ordenación Provisional, aprobado inicialmente por el Pleno Corporativo en sesión de 18 de xulio de 2018, pendiente de aprobación definitiva por el Pleno y a cuya eficacia se condiciona la vigencia del mismo.

II. MARCO NORMATIVO

TRLS. Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

LSG. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



Concello de Vigo

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

RLSG. Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

LBRL. Lei 771985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En virtude dos antecedentes expostos e da lexislación referida, emítase o seguinte,

INFORME

I. O artigo 86.1 da LPAC sinala, "(...) as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)”

A disposicións legais que regulan os Convenios urbanísticos no ámbito autonómico de Galicia son o TRLS a LSG e o RLSG. O artigo 9.8 do TRLS refírese aos convenios urbanísticos nos seguintes termos, "(...) Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito (...)”.

Na mesma liña a LSG no artigo 165 sinala, "(...) Os órganos pertencentes ás Administracións Públicas poderán celebrar, sempre no ámbito das súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, ao obxecto de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística (...)”.

O artigo 9.4.d) do TRLS advirte, "*(...) Na execución das actuacións sobre o medio urbano, ademais das Administracións Públicas competentes e as entidades públicas adscritas ou dependentes das mesmas, poderán participar as empresas, entidades ou sociedades que interveñan por calquera título en ditas operacións (...)*", pola a súa parte o artigo 9.5.c) da mesma norma sinala que estas empresas ou sociedades, poderán, de acordo coa a súa propia natureza, "*asumir, por se mesmos ou en asociación con outros suxeitos, públicos ou privados, intervinientes, a xestión de obras*".

O artigo 398.3. b) do RLSG indica que os convenios urbanísticos poden ter o obxectivo de establecer os términos e as condicións da xestión e a execución do planeamento en vigor no momento da celebración do convenio.

Finalmente, o artigo 400.1 do RLSG, seguindo o sinalado no artigo 167 da LSG, sinala, "(...) Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando á ordenación urbanística, se limiten á determinación dos términos e condicións da xestión e a execución do planeamento. Afectan única e exclusivamente ás partes que os subscriben e non vinculan a resolución que eventualmente corresponda adoptar respecto dos instrumentos de xestión ou execución. Do cumprimento destes convenios non poderá derivarse en caso algún, modificación, alteración ou dispensa do planeamento (...)".

II. Da normativa exposta se desprende que o Convenio negociado con "INMOBILIARIA FRIEIRA 360 S.L." é para a consecución dun fin común como é a execución do planeamento; conforme o artigo 165 da LSG ten como finalidade desenvolver eficazmente a actividade urbanística o facilitar a realización dunha obra de edificación e adquisición polo Concello de novos espazos públicos urbanizados e á implantación das previsións de utilidade pública contempladas no IOP e que constaban así no PXOM de 2008.

Do contido do Convenio non se advirte contravención do ordenamento xurídico, artigo 86.1 LPAC; non se observa reserva de dispensación ou trato singular de favor, artigo 167 LSG, nin obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que legalmente proceden, artigo 9.8 TRLS; así mesmo o Convenio non afecta á ordenación urbanística e non vincula a resolución que, desde a potestade urbanística municipal, corresponde adoptar no ámbito territorial afectado respecto dos instrumentos de xestión ou execución, artigo 400 RLSG.

III. Procedemento.

O RLSG nos artigos 401, 402 e 403 refírese á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos. O procedemento de aprobación dos convenios concrétase, no caso dos Convenios de execución nos que non existan titulares de dereitos que poidan verse afectados, nos seguintes trámites:

- Presentación da proposta de convenio.
- Negociación da proposta de convenio.
- Elaboración polos servizos técnicos e xurídicos da XMU da proposta de texto inicial.
- Vista da proposta de texto inicial aos propoñentes para aceptación ou renuncia.
- Sinatura do texto inicial do convenio.
- Aprobación texto inicial Xunta de Goberno Local, artigo 127.1.d) LBRL
- Información pública do texto inicial (1 mes).
- Presentación de alegacións.
- Emisión de informes en relación coas alegacións presentadas.
- Emisión de informes técnicos e de legalidade.
- Proposta de texto definitivo á vista das alegacións e dos informes emitidos.
- Vista do texto definitivo os propoñentes para a súa aceptación, reparos ou renuncia.
- Aprobación (ratificación) do texto definitivo do convenio pola Xunta de Gob. Local.



Concello de Vigo

- Sinatura do texto definitivo nos quince días seguintes a súa aprobación.
- Publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA.
- Anotación do convenio no Rexistro de Convenios e copia o Arquivo de Convenios.

Conforme a normativa citada, previa a súa consideración no Consello da Xerencia, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar o texto inicial do Convenio urbanístico de execución do planeamento a subscribir entre o Concello de Vigo e a mercantil “INMOBILIARIA FRIEIRA 360 S.L.” para a execución do AOP-21 DEL IOP de Vigo.

SEGUNDO: Facultar á concelleira delegada de Urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do Convenio; da súa subscrición dará conta individualizada o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local

TERCEIRO. Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.

CUARTO. Tras a información pública, de non presentarse alegacións, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado entenderase definitivo sen necesidade de nova sinatura nin da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local, producindo esta aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos. Calquera das partes poderá solicitar a elevación do documento administrativo a escritura pública. O texto íntegro do Convenio publicarase no Diario Oficial de Galicia, anotarse no Rexistro de Convenios e remitirase copia o Arquivo de Convenios.

QUINTO. A eficacia do devandito Convenio queda condicionada á aprobación definitiva polo Concello da Ordenación Provisional en tramitación.

Con data 04/04/19, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo adopta o seguinte acordo: “elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO URBANÍSTICO PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO NO ÁMBITO DA AOP-21 DO IOP DO CONCELLO DE VIGO

Na cidade de Vigo, a de abril de 2019.-

REUNIDOS

De unha parte,

D^a MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ, Concelleira Delegada de Urbanismo do **Concello de Vigo** e Vicepresidenta da **Xerencia Municipal de Urbanismo** asistida polo secretario da XMU, **José Riesgo Boluda** aos efectos de asesoramento e fé pública do presente negocio xurídico.

E doutra:

D. _____, maior de idade, con DNI número _____, respectivamente, e con domicilio _____

INTERVEÑEN

D^a MARIA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ en nome e representación do **Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo**, estando facultada para a sinatura deste documento en virtude do acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 e do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de abril de 2019.-

E D. _____, en nome e representación da entidade _____, con CIF n.º _____ e domicilio en _____. Actúa na súa condición de apoderado, en virtude de escritura de apoderamento outorgada o día _____, ante o notario _____, número de protocolo _____.

Ambas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a subscrición deste documento, e a tal efecto,

EXPOÑEN

A entidade "AVANTESPACIA INMOBILIARIA, S.L.U" é propietaria das seguintes **parcelas**:

a) No municipio de Vigo, hoxe identificado co número 15 da rúa Jacinto Benavente, URBANA: Edificio industrial e solar sobre o que se ubica, ubicado en Vigo, entre as rúas Jacinto Benavente e Marqués de Valterra, coa denominación de "Antigua Villaluz". A superficie de terreo onde se ubica é de tres mil quinientos tres metros cuadrados (3.503 m²). Linda: ao Norte, camiño de enlace do Berbés e Bouzas, hoxe Orillamar Interior; Sur, casa de Luciano Macías González e Rúa Marqués de Valterra; ao Leste, casa de Lisardo Touza Serín e rúa que vai ao Instituto Oceanográfico; e ao Oeste; rúa en proxecto e finca de Cordelerías Mar.



Concello de Vigo

Inscripción.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade número cinco de Vigo, ao tomo e libro 1.766, folio 75, finca 20.953, inscrición 26.

Referencia Catastral.- 2157403NG2725N0001LF.

b) No municipio de Vigo, hoxe identificado como rúa Jacinto Benavente s/n, URBANA: Solar ubicado en Vigo, en paraxe de Villaluz, coa denominación de "Villaluz", e superficie de mil douscentos metros e cuarenta e sete decímetros cuadrados (1.200,47) m². Linda: ao Norte, con finca rexistral 20.953; ao Sur, rúa en proxecto; ao Leste, rúa en proxecto; e ao Oeste, con finca rexistral 20.953.

Inscripción.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo, ao tomo e libro 1.050, folio 15, finca 20.954, inscrición 21ª.

Referencia catastral.- 2157408NG2725N0001KF.

c) No municipio de Vigo, hoxe identificada no Catastro co número 17 da rúa Jacinto Benavente, URBANA: Terreo a solar no nomeamento de Villaluz, lugar de Picacho, coa denominación de "Villaluz", e superficie de trescentos oitenta e un metros e setenta e un decímetros cuadrados (381,71 m²). Linda: ao Norte, señores Caurel Pardo e outros, proxectada apertura de rúa; ao Sur, camiño de pes e colindantes de don Manuel J. Piñeiro Barros e viuva; ao Leste, camiño de pes e colindantes de don Manuel J. Piñeiro Barros e viuva; e ao Oeste, terreo da Xunta de Obras do Porto.

Inscripción.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo, ao tomo e libro 1.089, folio 93, finca 11.082, inscrición 21ª.

Referencia Catastral.- 2157402NG2725N0001PF.

d) No municipio de Vigo, hoxe identificada no Catastro co número 20 (B) da rúa Marqués de Valterra, URBANA: Parcela de terreo no camiño de enlace Berbés a Bouzas, ou rúa interior, término municipal de Vigo, cunha superficie de douscentos trinta e un metros e trinta decímetros cuadrados (231,30 m²). Linda: ao Norte, rúa municipal en proxecto; ao Sur, camiño; ao Leste, de Mar S.A.; e ao Oeste, camiño de enlace Berbés a Bouzas, ou rúa interior.

Inscripción.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo, ao tomo e libro 1.089, folio 103, finca 13.322, inscrición 21ª.

Referencia Catastral.- 2157407NG2725N0001OF.

Pertencen en virtude de Escritura Pública de Compravenda outorgada ao seu favor pola entidade mercantil "BOUZA ALTA, S.L." ante o Notario de A Coruña d. Francisco Manuel López Sánchez o 28 de marzo de 2018 co n.º 719 do seu protocolo.

As catro fincas descritas representan o 100% do ámbito denominado "Cordelerías Mar AOP-21" do documento refundido do Plan Xeral en cumprimento da Orde do 16 de maio de 2008 sobre a aprobación definitiva, documento que se atopa actualmente anulado.

O ámbito mencionado AOP-21 está incluído no ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional actualmente en tramitación, instrumento que permite o levantamento da suspensión do Plan Xeral neste ámbito, para obter licenza de edificación cos parámetros

35(279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARNE PARA ALIMENTACIÓN DA FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 9718/612.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21/03/19, e o informe de fiscalización do 01/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/19, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 22 de xaneiro do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do subministro de carne para a fauna animal no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor, debido a que o anterior procedemento de licitación declarouse deserto de acordo coa resolución da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 17/01/19.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do subministro de carne para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para o subministro de carne para o consumo dos animais de VigoZoo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación cunha empresa de subministro de carne para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque, tendo en conta que o subministro de tales alimentos superan os importes máximos establecidos por normativa para poder executalo gasto a través de contrato menor.

Como consecuencia do anterior, con data de 24 de xaneiro, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de carne para a fauna animal de VigoZoo.



Concello de Vigo

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario de VigoZoo o 22 de xaneiro de 2019 e pola Concelleira de Medio Ambiente o 23/01/19.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 24 de xaneiro de 2019.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 31/01/19 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 31/01/19 (por Delegación do Alcalde de 24/01/19).
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario do Zoo o 31/01/19.
5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 20/02/19.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 06/03/19.

2.- Condicións definitivas do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na adquisición de carne para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159.6 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (23.276,00 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (2.116,00 €) e o valor estimado (33.856,00 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído):

- ano 2019: 5.819,00 €
- ano 2020: 11.638,00 €
- ano 2021: 5.819,00 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.01 “Carne equina”,

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Esta prestación de subministro nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga dun ano de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que realízase trala entrega do subministro solicitado, previa presentación da factura correspondente.

Nestas facturas deberá indicarse o produto subministrado, a cantidade e o prezo do mesmo, e debe acompañarse da seguinte documentación: copia do albarán de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato, documento comercial para movementos nacionais de SANDACH e informe de trazabilidade da mercancía.

g) Clasificación / Solvencia



Concello de Vigo

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 12/06/18 polo Veterinario do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

- 1.- Redución do prezo: ata 75 puntos.
- 2.- Redución do despece mínimo previsto no PPT (30 kg): valorarase con ata 20.
- 3.- Redución do prazo de entrega mínimo previsto no PPT (10 días): valorarase con ata 5 puntos.

A fórmula para valorar estes criterios remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria do subministro de carne para consumo da fauna animal no servizo de VigoZoo (exp. 9718-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 31/01/19 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 06/03/19.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 23.276,00 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (2.116,00 €) e a anualidade máxima de 2019 será de 5.819,00 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.01 "Carne animais".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(280).- MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 182/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 10/04/19 e o informe de fiscalización de data 11/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/04/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefe da área de Inversión de Servizos Xerais e polo concellerio-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:



Concello de Vigo

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de marzo de 2019, entre outros asuntos acordou con relación ao expediente 182/441:

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Aprobar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as obrigacións do Concello de Vigo en materia de financiación contempladas na cláusula 3ª do Convenio de 66.667,00 euros

Terceiro.- Solicitar da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da Entidade Pública empresarial Augas de Galicia a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para o estudo de alternativas para a mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

2.- Con data 2 de abril dende a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (CHMS), notificase por correo electrónico que "por Augas de Galicia se modificou o texto consensuado co Concello e máis con esta CHMS denantes de que que a Int. Xeral emitise o seu informe favorable e, xa que logo, para a súa aprobación polo Consello da Xunta; pode que por esixencia da propia Intervención para informalo favorablemente. Mais tal modificación tiña que haberse posto en coñecemento do Concello de Vigo e desta CHMS denantes de continuar co procedemento e elévalo ao Consello, o que non se fixo, como si fixo esta CH cando houbo que modificar o texto por esixencia da SXT".

Así mesmo dende CHMS, indicase que "De ter que modificarse a redacción, hase de iniciar de novo a súa tramitación, coa petición de tódolos informes que se indicaban no meu correo do pasado venres, que se xunta. Neste caso (alteración da redacción acordada) propónse unha alternativa, máis axeitada ás circunstancias actuais para a certificación en fase O, que se recolle no texto do convenio que se acompaña a este correo, xunto coas explicacións sobre os motivos. Coa mesma daríase satisfacción ás esixencias da vosa Intervención Xeral.

3.- Con data 10 de abril dende a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (CHMS), notificase por correo electrónico o texto definitivo para o citado convenio, indicando "El texto definitivamente autorizado, luego de las modificaciones introducidas a última hora debido a las exigencias de la Intervención Xeral de la Xunta de Galicia, es el que te adjunto con este correo. No ha variado en nada sustancial para vosotros, al revés, mejora, puesto que no tendréis que aportar los fondos hasta que la fase O del gasto (contra certificación) cuando en la redacción anterior era en fase D (con la adjudicación del contrato). Por lo demás, la redacción es la misma".

II.- OBXECTO DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN:

A modificación introducida pola CHMS, a iniciativa da Xunta de Galicia, na proposta do texto consensado polas parte afecta a cláusula "CUARTA.- ANUALIDADES Y APORTACIONES" a cal no texto do convenio acordado inicialmente e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29 de marzo de 2019 indicaba:

1. Para a execución do presente Convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como Anexo ao presente documento. As mesmas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.
2. As achegas de Augas de Galicia e do Concello de Vigo materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos en cada unha das anualidades, 2019 e 2020, previa certificación pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dos compromisos ao efecto adquiridos (fase contable D).
3. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que o precitado Organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

O novo texto remitido pola CHMS, indica:

1. Para a execución do presente Convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como Anexo ao presente documento. As mesmas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.
2. A achega de Augas de Galicia materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., previa certificación por esta das obrigacións contraídas (fase contable O) á que se achegará copia do documento contable, da certificación e da factura.
3. As achegas do Concello de Vigo materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos en cada unha das anualidades, 2019 e 2020, previa certificación pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A., das obrigacións contraídas (fase contable O) á que se achegará copia do documento contable, da certificación e da factura.
4. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que o precitado Organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

III.- Financiamento dos traballos obxecto do convenio

En relación ao obxecto do convenio, o compromiso de colaboración e financiamento dos traballos obxecto do convenio, manteñen o mesmo contido, cun custe total das actuacións que ascende a un importe de 200.000 euros, que se asumirán pola Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., a entidade pública Augas de Galicia e o Concello de Vigo a partes iguais, polo cal se financiará de acordo co seguinte reparto:



Concello de Vigo

- Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. aportará 66.666,50 euros do custe inicialmente previsto.
- Augas de Galicia aportará 66.666,50 euros do custe inicialmente previsto, con cargo á conta 6299 "Otros servicios" del Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.
- O Concello de Vigo aportará 66.667,00 euros do custe inicialmente previsto, con cargo a súa aplicación presupuestaria 1610.720.00.00.

Ademais cada parte asumirá, en idéntico porcentaxe, as variacións económicas, ao alza ou a baixa, por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións ao contratista derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

V.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e informe xurídico.

O artigo 128 do Texto Refundido da Lei de Augas, de 20 de xullo de 2001, prevé que a Administración Xeral do Estado, as Confederacións Hidrográficas, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais poden celebrar convenios para a coordinación das súas competencias concorrentes sobre o medio hídrico.

O artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que as Administracións públicas poden celebrar convenios interadministrativos de colaboración para a consecución de fins de interese común.

E no ámbito das entidades locais, o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e o artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia establécese que ás entidades locais poderán celebrar convenios con persoas xurídico públicas e privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e cumprir. No presente caso, no que ao Concello de Vigo se refire ten como obxectivo o abastecemento de auga potable a domicilio (artigos 25.2.c LRBRL e 80 LALGA).

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberán emitirse informe Xurídico e de Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da modificación do convenio.

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a modificación da cláusula CUARTA.- ANUALIDADES E APORTACIÓNS, de acordo co seguinte texto:

CUARTA.- ANUALIDADES E APORTACIÓNS

1. Para a execución do presente Convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como Anexo ao presente documento. As mesmas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

2. A achega de Augas de Galicia materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., previa certificación por esta das obrigacións contraídas (fase contable O) á que se achegará copia do documento contable, da certificación e da factura.

3. As achegas do Concello de Vigo materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos en cada unha das anualidades, 2019 e 2020, previa certificación pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A., das obrigacións contraídas (fase contable O) á que se achegará copia do documento contable, da certificación e da factura.

4. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que o precitado Organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

dita redacción se corrixe no texto do convenio que se transcribe no Anexo da presente proposta.

Segundo.- Dar traslado deste acordo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da Entidade Pública empresarial Augas de Galicia para a subscrición do convenio que se anexa para o estudo de alternativas para a mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

“CONVENIO ENTRE

LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A. LA ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA Y EL AYUNTAMIENTO DE VIGO PARA LA MEJORA DE LA GARANTÍA DEL ABASTECIMIENTO EN LA ZONA SUR DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

En , a XX de XXXXXX de 2019

REUNIDOS

Por una parte,

José Antonio Quiroga Díaz, Presidente de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, organismo autónomo adscrito al Ministerio para la Transición Ecológica, nombrado por Resolución de la Subsecretaría para la Transición Ecológica, de fecha 31 de julio de 2018, por delegación del Secretario de Estado de Medio Ambiente (Orden APM/484/2018 de 8 de mayo, BOE de 11 de mayo de 2018), en el ejercicio de las competencias que le atribuye el artículo 48.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, así como el artículo 30 del Texto Refundido de la Ley de Aguas, según la redacción dada al mismo por el Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, en relación con las funciones y atribuciones que los artículos 23 y 24 de dicha disposición legal les atribuyen a los organismos de cuenca.

Por otra parte,

Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestructuras y Movilidad, nombrada por el Decreto 95/2018, de 26 de septiembre, en nombre y representación de la entidad pública empresarial Augas de Galicia, en su condición de presidenta de la citada entidad, en el ejercicio de las funciones atribuidas por los artículos 13 de la Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia y 6 del Estatuto de la entidad pública empresarial Augas de Galicia, aprobado por el Decreto 32/2012, de 12 de enero.

Por otra parte,

Abel Caballero Álvarez, alcalde del ayuntamiento de Vigo, nombrado en la sesión constitutiva del Pleno de fecha 13 de junio de 2015, en ejercicio de las atribuciones conferidas por la ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local y por el artículo 61 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia.

Los comparecientes se reconocen mutuamente capacidad legal suficiente para la firma del presente documento, y a tal efecto

EXPONEN

Primero.- Que a la Confederación Hidrográfica del Miño Sil le corresponde en el ámbito de su Demarcación Hidrográfica, la administración y la protección del dominio público hidráulico, así como el proyecto, la construcción y explotación de las obras realizadas con cargo a los fondos propios del Organismo, para cuya finalidad podrá establecer convenios, al amparo de lo dispuesto en el artículo 25.2 de la citada Ley de Aguas, así como en su artículo 23.2 b).

Segundo.- Que la Entidad pública Augas de Galicia, entidad creada por la Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia y regulada por el Decreto 32/2012, de 12 de enero, por el que se aprueba su estatuto es una entidad pública empresarial del sector público autonómico de Galicia, adscrita a la Consellería de Infraestructuras y Movilidad, con personalidad jurídica propia y plena capacidad de obrar para el cumplimiento de sus fines, y constituye el medio, junto con el resto de órganos que integran la Administración hidráulica de Galicia, a través del cual la Comunidad Autónoma de Galicia ejerce sus competencias en materia de aguas y obras hidráulicas.

Entre estas competencias se encuentran, con carácter general, y de acuerdo con el establecido en la Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia, la adopción de medidas que garanticen el abastecimiento de los municipios (artículo 31.1) y la supervisión de las redes básicas de abastecimiento en alta (artículo 31). En cualquier caso, las competencias de la Comunidad Autónoma de Galicia se ejercerán siempre de conformidad con el principio de garantía y eficacia del servicio público de abastecimiento (artículo 3.1 f).

Tercero.- Que el Ayuntamiento de Vigo, entre sus competencias recogidas en el artículo 25.2 c de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, tiene atribuido el abastecimiento de agua potable a domicilio. Además, la Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de Aguas de Galicia, atribuye a los entes locales en su artículo 5.1. a) la competencia para el abastecimiento domiciliario de agua potable y su control sanitario.

Cuarto.- Que desde hace años, en el sistema de abastecimiento del embalse de Eiras para Vigo y parte de la zona Sur de la provincia de Pontevedra se han constatado dificultades para cubrir las demandas de abastecimiento de agua actuales y futuras. Dicha debilidad ya fue señalada en la actualización del Plan de Abastecimiento de Galicia realizado en el año 2013, el cual se ve agravado en la actualidad por los periodos de escasez de lluvias.

Por este motivo, las partes consideran necesario abordar la ejecución de una solución a largo plazo que garantice el abastecimiento a la zona de Vigo y parte de la zona Sur de la provincia de Pontevedra, en un escenario de cambio climático que obliga a llevar a cabo, de forma decidida, actuaciones estructurales para garantizar el abastecimiento y poder afrontar situaciones de sequía y minimizar así cualquier evento de escasez de recurso.

En este sentido, el primer paso a realizar debe ser un estudio de las diferentes alternativas y otro de impacto ambiental, para determinar la mejor opción para solucionar los problemas que presenta el sistema de abastecimiento de agua desde los embalses de Eiras y de Zamáns.

Así, el objetivo que se pretende alcanzar con este convenio es poder garantizar el almacenamiento de agua necesaria para atender la demanda actual y futura de recursos hídricos para dicha zona, tanto en cantidad como con la calidad adecuadas, cumpliendo con la normativa nacional y comunitaria en materia de calidad de las aguas para consumo humano.

Los Ayuntamientos incluidos en esta área, Vigo, Redondela, Soutomaior, Porriño, Mos, Salceda, Moaña, Cangas, Baiona, Nigrán y Gondomar, se abastecen de recursos hídricos tanto de la cuenca Galicia- Costa (embalse de Eiras y embalse de Zamáns) como de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, lo que justifica una actuación conjunta de las tres Administraciones Públicas.

Quinto.- Que el artículo 48 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público establece que las Administraciones públicas y sus organismos públicos, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrán suscribir convenios con sujetos de derecho público, que deberán mejorar la eficiencia de la gestión pública, facilitar la utilización conjunta de medios y servicios públicos, contribuir a la realización de actividades de utilidad pública y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

Sexto.- Que conforme a los artículos 143 y 144 de la citada Ley 40/2015, las Administraciones cooperarán al servicio del interés general de acuerdo con las técnicas que consideren más adecuadas, como la cooperación interadministrativa para la aplicación de la normativa reguladora de una materia o actuaciones de cooperación en materia patrimonial.

Estas relaciones de cooperación, que requieren la aceptación expresa de las partes, se formularán en acuerdos de los órganos de cooperación o en convenios en los que se preverán las condiciones y compromisos que se asumen.



Concello de Vigo

Considerando la confluencia de los intereses de las partes comparecientes, cada una dentro de su ámbito competencial, de acuerdo con lo expuesto, así como el deber de colaboración entre administraciones, se hace preciso articular las bases para la óptima coordinación de sus actuaciones, motivo por los que las partes suscriben este convenio con sujeción a las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBJETO

El presente Convenio tiene por objeto establecer las condiciones de la colaboración entre los otorgantes para realizar un estudio de alternativas, que determine la propuesta más adecuada de mejora de la regulación y almacenamiento de agua, de modo que se garantice el abastecimiento en la zona de Vigo y la zona Sur de la provincia de Pontevedra, y a partir de las conclusiones obtenidas en este estudio, realizar el correspondiente estudio de impacto ambiental.

SEGUNDA.- VIGENCIA, MODIFICACIÓN Y EXTINCIÓN DEL CONVENIO

1.- El presente convenio resultará eficaz una vez inscrito en el Registro Electrónico estatal de Órgano e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal, y publicado en el "Boletín Oficial del Estado".

Su vigencia concluirá el 31 de diciembre de 2021, salvo que las partes acuerden de forma unánime su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales.

2.- El convenio se extinguirá por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto, así como por incurrir en alguna de las siguientes causas de resolución:

- a) El acuerdo unánime de todos los firmantes.
- b) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

La extinción del convenio por esta causa, tras el procedimiento contradictorio regulado en el artículo 51.2c) de la LRJSP, conllevará el pago de una indemnización a los demás otorgantes del convenio por los perjuicios causados derivados de actuaciones ya ejecutadas o como consecuencia de otras actuaciones que tengan que asumir debido al referido incumplimiento, que se determinarán por la Comisión de Seguimiento, atendiendo al estado de las actuaciones en el momento del incumplimiento.

- c) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.
- d) Por la entrada en vigor de disposiciones legales o reglamentarias que determinen su extinción.
- e) El transcurso del plazo de vigencia del convenio, sin haberse acordado la prórroga del mismo.

En dichos supuestos se establecerá, en función de la causa concreta de extinción y a la vista de la situación particular de las actuaciones en curso, la forma de continuación de las mismas y su finalización en un plazo improrrogable fijado por las partes, a propuesta de la Comisión de Seguimiento.

3.- Las posibles modificaciones de este convenio, acordadas de forma unánime por los firmantes, deberán formalizarse mediante la suscripción del correspondiente instrumento modificativo, con los mismos requisitos y condiciones exigidos para la aprobación del inicial.

TERCERA.- COSTE DE LAS ACTUACIONES Y FINANCIACIÓN DE LAS MISMAS

El coste total de las actuaciones contempladas asciende a 200.000 €, que se asumirán por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., la entidad pública Augas de Galicia y el Ayuntamiento de Vigo a partes iguales (un tercio cada una).

2. El coste de la inversión se financiará con cargo al presupuesto de gastos del Organismo de cuenca para los ejercicios 2019 y 2020, en cuyo proyecto existe crédito adecuado y suficiente con cargo a la aplicación presupuestaria 23.108.452A.640, código de proyecto 2014 23 231 0004, superproyecto 2009 23 231 8141.

3. De acuerdo con lo anterior, la financiación se llevará a cabo del siguiente modo:

- Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. aportará 66.666,50 euros del coste inicialmente previsto.
- Augas de Galicia aportará 66.666,50 euros del coste inicialmente previsto, con cargo a la cuenta 6299 "Otros servicios" del Plan General de Contabilidad Pública de Galicia.
- El Ayuntamiento de Vigo aportará 66.667,00 euros del coste inicialmente previsto, con cargo a su aplicación presupuestaria 1610.720.00.00.

4. Cada parte asumirá, en idéntico porcentaje, las variaciones económicas, al alza o a la baja, por adjudicación del contrato, por modificaciones, revisiones de precios, liquidaciones de los contratos o posibles indemnizaciones al contratista derivadas del cumplimiento de la vigente normativa sobre contratos del sector público.

CUARTA.- ANUALIDADES Y APORTACIONES.

1. Para la ejecución del presente Convenio, se establecen, inicialmente, las anualidades previstas en el cuadro que figura como Anexo al presente documento. Las mismas podrán modificarse, al alza o a la baja, siempre que sea necesario acomodar la financiación a la ejecución de las actuaciones objeto del Convenio.

2. La aportación de Augas de Galicia se materializará mediante la transferencia de los fondos precisos a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., previa certificación por esta de las obligaciones contraídas (fase contable O) a la que se adjuntará copia del documento contable, de la certificación y de la factura.

3. Las aportaciones del Ayuntamiento de Vigo se materializarán mediante la transferencia de los fondos precisos en cada una de las anualidades, 2019 y 2020, previa certificación por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil O.A., de las obligaciones contraídas (fase contable O) a la que se adjuntará copia del documento contable, de la certificación y de la factura.

4. Las transferencias de fondos se efectuarán en el plazo de dos meses desde la recepción de la precitada certificación. Serán ingresadas en la cuenta que el precitado Organismo de cuenca tiene abierta en el Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.



Concello de Vigo

QUINTA.- OBLIGACIONES DE LAS PARTES.

1. Para el cumplimiento del objeto de este convenio todos los otorgantes se comprometen a:
 - a) Financiar las actuaciones que constituyen su objeto conforme a lo establecido en las cláusulas tercera y cuarta.
 - b) Participar en la Comisión Técnica descrita en la Cláusula Octava para aportar los datos de su competencia, así como en las restantes tareas asignadas a esta Comisión.
 - c) Informar regularmente a las otras partes sobre el desarrollo de los trabajos o cualquier otro aspecto relacionado con el objeto del convenio a través de la Comisión de Seguimiento.
 - d) Colaborar, en el ámbito de sus facultades, con las restantes partes en el desempeño de sus deberes y afrontar e intentar resolver, conforme a los principios de buena fe y lealtad, cualquier dificultad o problema que pueda surgir, teniendo como único criterio de su gestión el logro de los objetivos que se pretenden alcanzar con este convenio.

2. Obligaciones específicas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Además de las establecidas en la cláusula anterior, la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, asume las siguientes obligaciones:

- a) Licitación, adjudicación y ejercicio de todas las facultades inherentes al órgano de contratación en el contrato que se formalice para ejecutar el objeto del convenio indicado en la Cláusula primera, de conformidad con lo estipulado en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.
- b) Poner en común con los demás otorgantes los resultados de los estudios objeto del presente convenio, una vez recibidos.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para el desarrollo de esta colaboración se establece una Comisión de Seguimiento que estará compuesta por dos representantes de cada una de las partes.

Esta Comisión se reunirá las veces que se estimen oportunas para desarrollar las siguientes actuaciones:

- Impulsar y evaluar el cumplimiento del convenio.
- Fomentar el intercambio de información entre las partes.
- Prestar conformidad al estudio de alternativas y al estudio de impacto ambiental.
- Interpretar, en caso de duda, el contenido del convenio así como proponer a las partes la resolución de posibles controversias que puedan surgir en la aplicación del mismo.

Los miembros de esta comisión de seguimiento podrán asistir a las reuniones acompañados del personal técnico que consideren oportuno. Además, en su caso, la Comisión de Seguimiento podrá requerir la asistencia técnica necesaria para la evaluación y análisis de las distintas cuestiones sobre las que deban adoptarse acuerdos.

SÉPTIMA.- COMISIÓN TÉCNICA

Se constituirá en el plazo máximo de quince días tras la entrada en vigor del convenio, una Comisión Técnica, formada por un representante de cada una de las partes, con el objeto de realizar las siguientes actuaciones:

- Recopilar la información necesaria para el desarrollo del convenio disponible en cada una de las administraciones.
- Proponer las diferentes alternativas a estudiar.
- Validar los pliegos técnicos de cada una de las licitaciones.
- Realizar el seguimiento técnico de los trabajos a realizar participando en la elección de los criterios para el análisis y valoración de cada una de las alternativas a estudiar.
- Informar los documentos finales de cada uno de los trabajos con carácter previo a su toma en consideración por parte de la Comisión de seguimiento.
- Cualquier otra necesidad de carácter técnico que surja en el desarrollo de los trabajos.

OCTAVA.- NATURALEZA Y ORDEN JURISDICCIONAL COMPETENTE

Este convenio tiene naturaleza administrativa y se rige por lo dispuesto en el Capítulo VI del Título Preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

Sin perjuicio de las funciones que se atribuyen a la Comisión de Seguimiento en la cláusula anterior, las cuestiones litigiosas que puedan plantearse respecto a la aplicación, interpretación y cumplimiento de su contenido serán competencia del Orden Jurisdiccional Contencioso-Administrativo.

NOVENA.- PUBLICIDAD

Este convenio será objeto de publicación de acuerdo con lo dispuesto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, y en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, así como en el artículo 15 de la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno y en el Decreto 126/2006, de 20 de julio, por el que se regula el Registro de Convenios de la Xunta de Galicia. En este sentido, las partes prestan expresamente su consentimiento para que se le dé al presente convenio la publicidad exigida.

Y en prueba de conformidad de cuanto antecede, los comparecientes firman por triplicado ejemplar y a un solo efecto el presente Convenio, en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

ANEXO

ANUALIDADES PREVISTAS

ADMINISTRACIÓN	2019	2020	TOTAL
CHMS, O.A.	33.333,25 €	33.333,25 €	66.666,50 €



Concello de Vigo

AUGAS DE GALICIA	33.333,25 €	33.333,25 €	66.666,50 €
AYUNTAMIENTO DE VIGO	33.333,50 €	33.333,50 €	66.667,00 €
TOTAL	100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €

37(281).- DECLARAR DESERTOS OS LOTES 1, 2 E 3 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE. 8752/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de sesión 9/04/19, que di o seguinte:

3.- Apertura da documentación técnica (proposta de declaración de desertos dos lotes 1, 2 e 3)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 5 de marzo de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 1 de abril de 2019.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 2 de abril de 2019 e a documentación presentada na plataforma de licitación electrónica nos sobres A e B, presentáronse as seguintes ofertas:

- MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 8 e 9)
- DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) (lotes 4 e 5)
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10)
- SERVIPLUSTOTAL, S.L.
- (lotes 4, 5 e 7)
- UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6)
- BARAFUNDA, S.L. (LOTES 5, 6 e 7)
- AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lotes 4, 5 e 9)

En consecuencia, non consta presentada oferta ningunha ao Lote 1 (VERÁN NÁUTICO I), ao Lote 2 (VERÁN NÁUTICO II) e ao Lote 3 (VERÁN MARIÑEIRO).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición ao Lote 1 (VERÁN NÁUTICO I), ao Lote 2 (VERÁN NÁUTICO II) e ao Lote 3 (VERÁN MARIÑEIRO) desta licitación, tal e como se constata na documentación presentada nos sobres A e B presentados a través da plataforma de licitación electrónica, procede declarar desertos estes lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes 1 (VERÁN NÁUTICO I), 2 (VERÁN NÁUTICO II) e 3 (VERÁN MARIÑEIRO) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) por non terse presentado oferta ningunha en prazo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

38(282).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez